




1

PANORAMA ECONÓMICO

1.1.

Contexto económico xeral

1.2.

Cadro macroeconómico

1.3.

Evolución demográfica

1.1.

Contexto económico xeral

A economía mundial volveu a rexistrar unha medra superior ao 3% ao acadar en 2016 unha taxa interanual de crecemento do PIB do 3,1%, se ben esta porcentaxe é a máis reducida dende o ano 2010. Esta evolución non afecta por igual aos diferentes países e áreas económicas, de tal modo que o conxunto das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento presentan unha taxa de variación interanual do 4,1% fronte ao 4,2% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 6,4% no caso dos países emerxentes asiáticos (6,7% en 2015). Asemade, as estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI) reflicten que a actividade produtiva nas economías avanzadas tamén ralentiza o seu ritmo de crecemento no último ano para situarse no 1,7%.

O devandito organismo internacional mellora as perspectivas de crecemento para os anos 2017 e 2018 no seu informe de abril, a pesar de que alerta de que persisten riscos significativos á baixa como poden ser o xiro cara o proteccionismo, a persistencia de problemas estruturais como o baixo crecemento da produtividade e a elevada desigualdade de ingresos, ou o desafío de moitas economías emerxentes e en desenvolvemento de facer fronte á ameaza de adaptarse á caída de ingresos xerados polas materias primas.

No que respecta á economía española, a taxa de crecemento interanual do PIB real en 2016 foi do 3,2%, sendo este dinamismo superior ao do conxunto da economía dos 28 países da UE (1,9%) e da zona euro (1,7%) segundo os datos publicados por Eurostat. A demanda interna volve a ser o motor de crecemento económico, cunha achega ao PIB agregado de 2,8 puntos, trasladándose o devandito dinamismo económico ao mercado laboral ao presentar, en termos cuantitativos, unha mellora da ocupación e unha redución do desemprego. Asemade, o IPC reflicte unha caída dos prezos do 0,4% en relación ao nivel do ano anterior.

Panorama económico internacional

O PIB real da economía mundial experimenta no ano 2016 unha nova ralentización no seu ritmo de crecemento estimándose unha taxa de variación interanual do 3,1%, tres décimas menos que no ano anterior. Segundo os datos do FMI, esta lixeira desaceleración ven influída por múltiples factores, tanto económicos como non económicos. Dunha banda, entre os primeiros cómpre mencionar, entre outros, o estancamento das economías avanzadas e o débil crecemento previsto en EE.UU.; o axuste en China e os efectos de contaxio que isto pode provocar; a persistencia dunha inflación

Economía internacional 2012-17: evolución dos principais indicadores

	2012	2013	2014	2015	2016	2017 (1)
Produto Interior Bruto real						
Economía mundial	3.5	3.4	3.5	3.4	3.1	3.5
Economías avanzadas	1.2	1.3	2.0	2.1	1.7	2.0
EE.UU.	2.2	1.7	2.4	2.6	1.6	2.3
Xapón	1.5	2.0	0.3	1.2	1.0	1.2
Zona Euro	-0.9	-0.3	1.2	2.0	1.7	1.7
Alemaña	0.7	0.6	1.6	1.5	1.8	1.6
Francia	0.2	0.6	0.6	1.3	1.2	1.4
Italia	-2.8	-1.7	0.1	0.8	0.9	0.8
España	-2.9	-1.7	1.4	3.2	3.2	2.6
Países emerxentes e en desenvolvemento	5.4	5.1	4.7	4.2	4.1	4.5
China	7.9	7.8	7.3	6.9	6.7	6.6
India	5.5	6.5	7.2	7.9	6.8	7.2
Demanda interna real total						
Economías avanzadas	0.8	1.0	1.9	2.3	1.7	2.2
EE.UU.	2.1	1.3	2.4	3.2	1.7	2.8
Xapón	2.3	2.4	0.4	0.7	0.5	0.9
Zona Euro	-2.4	-0.6	1.2	1.9	2.0	1.7
Alemaña	-0.8	1.0	1.5	1.5	2.2	1.5
Francia	-0.3	0.7	1.1	1.5	2.0	1.7
Italia	-5.6	-2.6	0.2	1.3	1.0	1.0
España	-5.1	-3.2	1.9	3.4	2.9	2.3
Gasto en consumo privado						
Economías avanzadas	0.9	1.2	1.8	2.3	2.2	2.1
EE.UU.	1.5	1.5	2.9	3.2	2.7	2.7
Xapón	2.0	2.4	-0.9	-0.4	0.4	0.7
Zona Euro	-1.1	-0.6	0.8	1.8	2.0	1.5
Alemaña	1.3	0.9	1.0	1.9	1.8	1.3
Francia	-0.2	0.5	0.7	1.5	1.8	1.5
Italia	-4.0	-2.4	0.2	1.6	1.3	0.8
España	-3.5	-3.1	1.6	2.9	3.2	2.6
Gasto en consumo público						
Economías avanzadas	0.2	-0.3	0.5	1.7	1.6	1.2
EE.UU.	-0.9	-2.4	-0.7	1.6	0.8	0.8
Xapón	1.7	1.5	0.5	1.6	1.5	0.4
Zona Euro	-0.3	0.3	0.6	1.3	1.8	1.2
Alemaña	1.1	1.2	1.2	2.7	4.0	2.1
Francia	1.6	1.5	1.2	1.4	1.5	1.4
Italia	-1.4	-0.3	-0.7	-0.7	0.6	0.4
España	-4.7	-2.1	-0.3	2.0	0.8	0.7
Formación bruta de capital						
Economías avanzadas	2.3	1.5	3.0	2.6	1.5	2.8
EE.UU.	6.3	3.1	4.2	3.7	0.7	3.4
Xapón	3.5	4.9	2.9	0.0	1.0	2.4
Zona Euro	-3.5	-2.5	1.5	3.2	2.6	2.7
Alemaña	-0.1	-1.1	3.5	1.2	2.1	1.6
Francia	0.2	-0.8	-0.3	1.0	2.7	2.3
Italia	-9.3	-6.6	-2.3	1.6	2.9	2.8
España	-8.6	-3.4	3.8	6.0	3.1	3.1

(1) 2017: previsións

(consulta: 19-04-2017)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.a.

Economía internacional 2012-17: evolución dos principais indicadores (cont.)

	2012	2013	2014	2015	2016	2017 (1)
IPC (medias anuais)						
Economías avanzadas	2.0	1.4	1.4	0.3	0.8	2.0
EE.UU.	2.1	1.5	1.6	0.1	1.3	2.7
Xapón	-0.1	0.3	2.8	0.8	-0.1	1.0
Zona Euro	2.5	1.3	0.4	0.0	0.2	1.7
Alemaña	2.1	1.6	0.8	0.1	0.4	2.0
Francia	2.2	1.0	0.6	0.1	0.3	1.4
Italia	3.3	1.2	0.2	0.1	-0.1	1.3
España	2.4	1.4	-0.1	-0.5	-0.2	2.4
Países emerxentes e en desenvolvemento						
China	2.6	2.6	2.0	1.4	2.0	2.4
India	9.9	9.4	5.9	4.9	4.9	4.8
Produtividade laboral (2)						
Economías avanzadas	0.6	0.2	1.4	0.2	0.9	1.2
EE.UU.	1.7	0.1	0.1	0.2	0.3	1.1
Xapón	-0.2	-0.9	2.1	-3.1	1.5	2.1
Zona Euro	-0.8	0.0	1.6	1.5	1.2	0.5
Taxa de desemprego						
Economías avanzadas	8.0	7.9	7.3	6.7	6.2	6.0
EE.UU.	8.1	7.4	6.2	5.3	4.9	4.7
Xapón	4.3	4.0	3.6	3.4	3.1	3.1
Zona Euro	11.4	12.0	11.6	10.9	10.0	9.4
Alemaña	5.4	5.2	5.0	4.6	4.2	4.2
Francia	9.8	10.3	10.3	10.4	10.0	9.6
Italia	10.7	12.1	12.6	11.9	11.7	11.4
España	24.8	26.1	24.4	22.1	19.6	17.7

(1) 2017: previsións

(2) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 19-04-2017)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.b.

baixa; ou o reto que supón a necesidade de adaptarse á caída dos prezos das materias primas para algunhas economías emerxentes e en desenvolvemento. Doutra banda, entre os factores non económicos cómpre destacar a decisión do Reino Unido de abandonar a UE –“Brexit”–, que aínda que a reacción dos mercados fose ordenada existe elevada incerteza sobre o seu impacto a curto e medio prazo. Asemade, o FMI fai referencia a factores non económicos adicionais que inciden no desenvolvemento de diversas rexións, como son que a esta incerteza do brexit se suma o posible efecto contaxio desta saída da UE así como á “presión mundial a favor de políticas populistas e aislacionistas”; os efectos dilatados da sequía no este e sur de África; a situación dos refuxiados en Europa e nos países próximos, os atentados terroristas....

As taxas de crecemento da actividade económica mundial mantéñense por riba do 3% nos últimos sete anos, se ben estas cifras globais agochan fortes diverxencias

entre as grandes economías. Asemade, mantense a paulatina ralentización no crecemento do PIB que dende o ano 2011 están a rexistrar as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento consideradas no seu conxunto.

As economías avanzadas presentan unha medra interanual do 1,7%, catro décimas inferior á rexistrada no ano anterior. Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas, cunha achega de 1,7 puntos porcentuais, influenciado pola medra do gasto en consumo privado (2,2%) e do consumo público (1,6%) e en menor medida tamén polo investimento (1,5%).

O crecemento económico de **Estados Unidos** desace-lérase de xeito significativo no ano 2016 ao acadar unha medra do 1,6%, un punto menos que no ano anterior. A demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía estadounidense en tanto que o

sector exterior detrae por segundo ano consecutivo décimas ao crecemento agregado do PIB (seis décimas en 2015 e unha no ano 2016). O gasto en consumo privado, a pesar da súa ralentización, é a compoñente que presenta un maior crecemento, cun 2,7% –cinco décimas menos que en 2015–, aumentado o gasto público un 0,8%, a metade do estimado para o ano anterior. Asemade, cómpre mencionar a intensa ralentización do investimento, medido a través da Formación Bruta de capital, que presenta unha medra interanual do 0,7%, tres puntos menos que no ano anterior. A pesar da devandita ralentización do PIB, no ano 2016 mantense o crecemento do emprego no 1,7% e redúcese a taxa de paro ata o 4,9%, a taxa máis reducida dende o comezo da crise (entre os anos 1999 e 2008 a taxa de paro media foi do 5%).

A diferenza do acontecido na economía dos EE.UU, a medra da actividade produtiva de **Xapón** segue a estar influenciada tanto pola achega da demanda externa como pola interna. A economía xaponesa medra no último ano un 1% sendo a contribución de cada unha delas de cinco décimas. No que atinxe á demanda interna cómpre salientar tanto a recuperación do gasto en consumo privado, que medra un 0,4% respecto ao ano anterior (contráese un 0,4% en 2015) como o crecemento do 1% no investimento (0% en 2015). Con todo, o consumo público segue manténdose como a compoñente de maior dinamismo ao incrementarse un 1,4% respecto ao ano anterior (1,6% en 2015).

O crecemento das economías de **mercados emerxentes** e en desenvolvemento mantén a paulatina ralentización da súa actividade produtiva, acadando unha medra do 4,1% no ano 2016, unha décima menos que no ano anterior. Dunha banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial cun 6,4%, fronte ao 6,7% rexistrado no ano 2015. Esta evolución explícase, fundamentalmente, tanto polo comportamento da economía de China, que continúa coa desaceleración iniciada en 2010 para situar a medra interanual no 6,7% (en 2010 a taxa de crecemento era do 10,6%), como pola economía da India, que por segundo ano consecutivo supera á de China cun incremento do PIB do 6,8% (7,9% en 2015). Por outra banda, entre os países emerxentes europeos cómpre salientar que se man-

tén a contracción da economía rusa, que presenta unha caída do seu PIB do 0,2%.


Nos países de **América Latina e Caribe**, a desaceleración dos últimos cinco anos deu paso a unha acusada contracción económica. A caída do 1% da actividade económica na rexión está influenciada pola forte contracción do PIB da economía de Brasil, cunha redución do 3,6% en relación ao ano anterior, así como pola caída da actividade en Arxentina (2,3% fronte á medra do 2,6% no ano anterior) e en menor medida polo impacto do descenso da actividade en Venezuela (18%). O FMI considera que no ano 2017 e 2018 as economías de Brasil e Arxentina mellorarán, manténdose a contracción do PIB neses dous anos en Venezuela.

A **zona euro** presenta no ano 2016 un crecemento do 1,7%, tres décimas menos que no ano anterior, impulsado pola demanda interna, cunha achega de dous puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB. Por contra, e a diferenza do acontecido no ano anterior, a demanda externa detrae en 2016 tres décimas ao devandito incremento. Segundo sinala o informe de abril do FMI, prevese que a recuperación avanzará nos próximos dous anos a un ritmo similar ao de 2016, se ben pode verse ralentizada pola incerteza en torno á relación UE-Reino Unido e polos resultados das eleccións en varios países comunitarios. Entre os aspectos que favorecen a recuperación económica menciona unha orientación fiscal levemente expansiva ou un euro máis débil.

Entre as principais economías da zona euro, dos datos presentados por Eurostat cómpre salientar o crecemento da economía española, cun 3,2% respecto ao ano anterior, superando a Alemaña, que presenta unha lixeira aceleración no seu PIB real (1,9% en 2016), Francia, cunha medra do 1,2%, ou Italia, que mantén as taxas de crecemento positivas do ano anterior (0,8%).

Entre os países europeos que non forman parte do euro cómpre resaltar, dunha banda, o crecemento do 1,8% do PIB do Reino Unido, catro décimas menos que no ano anterior, impulsado fundamentalmente pola achega da demanda interna (1,5 puntos porcentuais), onde salienta o crecemento do consumo privado (2,8%), así como a acusada ralentización do investimento, cunha medra do 0,5% en relación ao ano ante-


Prezo do barril de Brent 2008-2016



Fonte: US Energy Information Administration

1.1.2.

Tipo de cambio do euro 2005-16



Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

1.1.3.

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2013-16 e previsións para 2017

	PIB					Inflación media (1)					Desemprego					Déficit Público (2)				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
	(taxa de variación anual)					(taxa de variación anual)					(%)					(taxa de variación anual)				
Bélxica	0.3	1.0	1.3	1.2	1.4	1.2	0.5	1.4	1.8	2.0	8.4	8.5	8.3			-3.0	-3.1	-2.5	-3.0	-2.3
Bulgaria	1.1	1.7	2.2	3.3	2.9	0.4	-1.6	-1.1	-1.3	0.8	13.0	11.6	10.1	7.7	7.1	-0.4	-5.5	-1.7	-0.9	-0.8
Rep. Checa	-0.7	2.0	4.5	2.4	2.6	1.4	0.4	0.3	0.6	2.0	7.0	6.1	5.1	4.0	3.9	-1.2	-1.9	-0.6	-0.2	-0.6
Dinamarca	-0.5	1.0	1.2	1.0	1.5	0.5	0.3	0.2	0.0	1.4	7.0	6.6	6.0	6.2	5.9	-1.1	1.5	-1.7	-0.9	-2.0
Alemaña	0.1	1.6	1.7	1.9	1.6	1.6	0.8	0.1	0.4	1.9	5.2	5.0	4.8	4.1	4.1	-0.2	0.3	0.7	0.6	0.4
Estonia	1.6	2.1	0.9	1.1	2.2	3.2	0.5	0.1	0.8	2.8	8.6	7.4	6.3	6.9	7.9	-0.2	0.7	0.1	0.5	-0.4
Irlanda	0.2	4.8	6.9	4.3	3.4	0.5	0.3	0.0	-0.2	0.9	13.1	11.3	9.4	8.0	7.0	-5.7	-3.7	-1.9	-0.9	-0.5
Grecia	-3.9	0.8	0.0	0.3	2.7	-0.9	-1.4	-1.1	0.0	1.3	27.5	26.5	25.1	23.4	22.0	-13.2	-3.6	-7.5	-2.5	-1.0
España	-1.2	1.4	3.2	3.2	2.3	1.5	-0.2	-0.6	-0.3	1.9	26.1	24.5	22.3	19.6	17.7	-7.0	6.0	-5.1	-4.6	-3.8
Francia	0.3	0.4	1.1	1.2	1.4	1.0	0.6	0.1	0.3	1.5	10.3	10.2	10.5	10.0	9.9	-4.0	-4.0	-3.5	-3.5	-2.9
Croacia	-0.9	-0.4	1.8	2.8	3.1	2.3	0.2	-0.3	-0.6	1.7	17.3	17.0	16.2	12.8	10.8	-5.3	-5.4	-3.3	-2.1	-1.8
Italia	-1.7	-0.4	0.8	0.9	0.9	1.3	0.2	0.1	-0.1	1.4	12.1	12.7	11.9	11.7	11.6	-2.7	-3.0	-2.6	-2.4	-2.4
Chipre	-5.4	-2.3	1.4	2.8	2.5	0.4	-0.3	-1.6	-1.2	1.2	15.9	16.1	15.5	13.3	12.0	-4.9	-8.8	-1.1	-0.3	-0.4
Letonia	4.2	2.4	2.7	1.6	2.8	0.0	0.7	0.2	0.1	1.9	11.9	10.8	9.9	9.7	9.5	-0.9	-1.6	-1.3	-0.8	-1.1
Lituania	3.3	2.9	1.6	2.2	2.9	1.2	0.2	-0.7	0.7	2.1	11.8	10.7	9.0	8.0	7.5	-2.6	-0.7	-0.2	-0.6	-0.8
Luxemburgo	2.0	0.0	4.7	3.8	4.0	1.7	0.7	0.1	0.0	2.0	5.9	6.0	6.1	6.3	6.2	1.0	1.5	1.6	1.3	0.0
Hungría	1.5	3.6	2.7	1.9	3.5	1.7	0.0	0.1	0.4	2.2	10.2	7.7	6.7	5.2	4.8	-2.6	-2.1	-1.6	-1.5	-2.3
Malta	2.7	3.5	4.9	4.0	3.7	1.0	0.8	1.2	0.9	1.6	6.4	5.9	5.4	4.8	4.9	-2.6	-2.1	-1.4	-0.7	-0.6
Países Baixos	-0.7	0.8	2.0	2.1	2.0	2.6	0.3	0.2	0.1	1.4	7.3	7.4	6.9	6.0	5.2	-2.4	-2.3	-1.9	-0.8	-0.3
Austria	0.2	0.3	0.7	1.5	1.6	2.1	1.5	0.8	1.0	1.8	5.4	0.0	6.0	6.0	6.1	-1.4	-2.7	-1.0	-1.5	-1.3
Polonia	1.7	3.3	3.5	2.8	3.2	0.8	0.1	-0.7	-0.2	2.0	10.3	9.0	7.5	6.3	5.6	-4.1	-3.4	-2.6	-2.4	-3.0
Portugal	-1.4	0.9	1.5	1.3	1.6	0.4	-0.2	0.5	0.6	1.3	16.4	14.1	12.6	11.2	10.1	-4.8	-7.2	-4.4	-2.7	-2.2
Rumanía	3.4	2.9	3.6	4.9	4.4	3.2	1.4	-0.4	-1.1	1.6	7.1	6.8	6.7	6.0	5.7	-2.1	-0.8	-0.8	-2.8	-3.2
Eslovenia	-1.0	2.6	2.5	2.5	3.0	1.9	0.4	-0.8	-0.2	1.1	10.1	9.8	9.1	7.9	7.0	-15.0	-5.0	-2.7	-2.4	-2.0
Eslovaquia	1.4	2.4	3.5	3.3	2.9	1.5	-0.1	-0.3	-0.5	0.9	14.2	13.2	11.5	9.7	9.0	-2.7	-2.7	-2.7	-2.2	-1.5
Finlandia	-1.3	-0.1	0.0	1.5	1.2	2.2	1.2	-0.2	0.4	1.5	8.2	8.7	9.5	8.8	8.6	-2.6	-3.2	-2.8	-2.4	-2.5
Suecia	1.3	2.1	3.6	3.3	2.4	0.4	0.2	0.7	1.1	1.7	8.0	7.9	7.4	6.9	6.5	-1.4	-1.6	0.2	0.0	-0.1
Reino Unido	1.7	2.6	2.3	2.0	1.5	2.6	1.5	0.0	0.7	2.5	7.6	6.1	5.2	4.9	5.2	-5.7	-5.7	-4.3	-3.5	-2.8
Zona Euro	-0.5	0.9	1.6	1.7	1.6	1.4	0.4	0.0	0.2	1.7	12.0	11.6	11.0	10.0	9.6	-3.0	-2.6	-2.1	-1.8	-1.5
UE-28	0.0	1.3	1.9	1.9	1.8	1.5	0.6	0.0	0.3	1.8	10.9	10.2	9.5	8.5	8.1	-3.3	-3.0	-2.4	-2.0	-1.7

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB

Fonte: EUROSTAT e Comisión Europea

1.1.4.


rior (3,4% en 2015). Doutra banda, Suecia rexistra un importante dinamismo ao rexistrar unha taxa de variación interanual do 3,3% (4,1% no ano anterior).

Tal e como se aprecia no devandito **cadro 1.1.1.b.**, as taxas de inflación, a pesar de ser, con carácter xeral, lixeiramente superiores ás do ano anterior, permanecen en niveis baixos. No último ano o conxunto das economías avanzadas presentan un nivel de IPC medio anual do 0,8%, cinco décimas superior ao do ano anterior. Nos países da zona euro os prezos medran un 0,2%, sendo a medra do 0,4% en Alemaña ou 0,3% en Francia, a diferenza do que acontece en España, onde os prezos experimentan un novo descenso, que se sitúa en 2016 no 0,2%.

Tendo en conta o impacto do incremento dos prezos

enerxéticos no IPC, o **cadro 1.1.2.** mostra a evolución do prezo de entrega do petróleo Brent dende o ano 2008 e reflicte a tendencia ascendente no ano 2016. No mes de decembro de 2016 o seu prezo sitúase por riba de 50 dólares por barril, máis de 14 euros superior ao rexistrado no mesmo mes do ano anterior aínda que 58,35 euros menos que a finais de 2013.

No concernente ás consecuencias da devandita evolución da actividade económica sobre o emprego, o crecemento do PIB real das economías avanzadas reflíctese tamén nunha redución da taxa de desemprego, que se sitúa no 6,2%, medio punto inferior ao rexistrado no ano anterior. Novamente, esta taxa media oculta grandes diferenzas entre países, xa que mentres en Xapón foi do 3,1% e en EEUU do 4,9%, nos países da zona euro sitúase no 10%. Na UE-28 as taxas de paro

Débeda pública nas economías europeas 2008-16 ⁽¹⁾

(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.5.

máis elevadas seguen a rexistrarse en Grecia e España, cun 23,4% e 19,6% respectivamente, lonxe da media europea dos 28 do 8,5%, e as máis reducidas en Alemaña, cun 4,1%, e a República Checa, co 4%, segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4.**).

Panorama económico de España

A evolución das variables macroeconómicas correspondentes ao ano 2016 reflicten unha certa moderación no proceso de recuperación da actividade produtiva. O Plan Nacional de Reformas do Reino de España (PNR) correspondente ao ano 2016 reflicte a necesidade de continuar co proceso de reformas dos anos anteriores e esboza as medidas necesarias para a consolidación do crecemento económico e da creación do emprego. Deste xeito, as medidas recollidas neste PNR, e que sentan as bases para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, agrúpanse en tres áreas prioritarias: reformas estruturais a nivel da Unión Europea, reformas estruturais a nivel estatal e responsabilidade fiscal. A modo de síntese, as principais medidas e eixos de actuación están recollidas no **cadro 1.1.6.**

O produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española no último ano experimentou un crecemento interanual do 3,2%, similar ao do ano anterior, cando

en 2014 o fixera nun 1,4%. A pesar deste importante incremento, as taxas de variación interanuais reflicten a desaceleración do ritmo de crecemento do PIB ao longo do ano, rematando no cuarto trimestre cunha medra do 3%, a porcentaxe máis baixa dende o 1º trimestre de 2015. As taxas intertrimestrais amosan a devandita ralentización, cunha medra do 0,7% no segundo semestre do ano.

Tanto a demanda interna como externa presentan no último ano unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB. Dunha banda, a demanda interna, a pesar da súa menor contribución respecto ao ano anterior, segue sendo o principal motor de crecemento, cunha achega de 2,8 puntos porcentuais (3,3 puntos en 2015), en tanto que o sector exterior aporta cinco décimas (detrae unha décima no ano anterior).

No que respecta aos compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo rexistraron taxas de variación positivas. No concernente ao gasto en consumo final, salienta o maior impulso do gasto en consumo final dos fogares (3,2%) fronte á ralentización do ritmo de crecemento do consumo das Administracións Públicas, cunha taxa interanual positiva do 0,8%. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, a ralentización do gasto en consumo

Plan Nacional de Reformas de España 2016. Próximas reformas: áreas prioritarias e eixos de actuación

Áreas prioritarias	Eixos de actuación
Reformas estruturais a nivel da UE.	1. Reforma da Unión Económica e Monetaria 2. Investimento.
Reformas estruturais a nivel estatal.	
A. Creación de emprego e inclusión social.	1. Creación de emprego 2. Inclusión social
B. Mercado de bens e servizos.	1. Unidade de mercado 2. Fomento do crecemento e competitividade. Mercados
C. Respaldo da iniciativa emprendedora e do desenvolvemento empresarial.	
D. Crecemento sostible: I+D+i e medio ambiente.	1. I+D+i. 2. Medioambiente.
E. Eficiencia da Admón. Pública.	
Responsabilidade fiscal.	1. Consolidación fiscal responsable. 2. Sistema de financiamento autonómico. 3. Loita contra o fraude e a evasión fiscal.

1.1.6.

final, está motivada tanto pola evolución do gasto privado como público, rematando o ano 2016 cunha taxa de variación interanual do 3% no último trimestre no caso do gasto das familias, en tanto que se mantén constante o gasto das administracións públicas.

A formación bruta de capital fixo (FBCF) no conxunto do ano rexistrou un incremento do 3,1%, case a metade do rexistrado en 2015. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.8.**, esta importante ralentización explícase tanto polo comportamento do investimento en activos fixos materiais –medra un 3,1% en 2016– como nos produtos da propiedade intelectual (2,9%). Entre os primeiros salienta o incremento do 5% da FBCF en bens de equipo, sendo do 1,9% no caso da FBCF na construción.

A achega positiva da demanda externa explícase polo maior dinamismo das exportacións en relación ao experimentado polas importacións de bens e servizos. As vendas a terceiros países medraron un 4,4% no último ano (4,9% no ano anterior) fronte ao 3,3% das compras


exteriores (5,6% en 2015). Os datos rexistrados ao longo dos catro trimestres amosan que a achega do sector exterior tan só é negativa no primeiro trimestre, aumentando paulatinamente a media que avanza o ano, acadando no último trimestre unha contribución positiva de 0,8 puntos.

Atendendo á desagregación segundo bens ou servizos, as exportacións de servizos presentan un crecemento do 7,5%, (6% no ano 2015) fronte ao 3% no caso dos bens (4,4% no ano anterior). Do mesmo xeito, as taxas de variación interanual das importacións melloran no caso dos servizos (10,7% fronte aos 4,6% do ano anterior) mentres que as compras exteriores de bens ralentizan o seu dinamismo respecto ao ano anterior (1,7% e 5,8%, respectivamente).


A análise do cadro macroeconómico de España dende o lado da oferta amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais positivas. As ramas primarias, tras a forte contracción do ano anterior, e os servizos son os sectores que presentan a

PIB en Galicia e España 2008-16 (1)(2): evolución

Taxa de variación interanual



Taxa de variación intertrimestral



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2017)

(2) Os datos dos anos 2013 e 2014 son provisionais. Os datos dos anos 2015 e 2016 son avance

Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008*

1.1.7.

PIB en España 2015-16: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2015	2016	2015				2016			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2.6	2.6	2.1	2.4	3.0	3.1	3.1	2.7	2.4	2.2
Gasto en consumo final dos fogares	2.8	3.2	2.4	2.5	3.3	3.2	3.6	3.4	3.0	3.0
Gasto en consumo final das ISFLSH	3.6	3.2	3.6	2.8	4.6	3.3	3.9	2.5	2.9	3.5
Gasto en consumo final das AA.PP.	2.0	0.8	1.0	1.9	2.3	2.7	1.7	0.7	0.8	-0.0
Formación bruta de capital fixo	6.0	3.1	4.7	6.3	6.7	6.4	4.3	3.4	2.6	2.2
Activos fixos materiais	6.5	3.1	5.1	6.6	7.3	6.8	4.4	3.4	2.7	2.2
Construcción	4.9	1.9	4.8	4.6	5.3	5.0	2.3	1.8	1.6	1.9
Bens de equipo	8.8	5.0	5.5	9.7	10.4	9.6	7.4	5.7	4.2	2.6
Productos da propiedade intelectual	3.6	2.9	2.5	4.7	3.3	4.0	4.0	3.2	2.0	2.4
Demanda interna (2)	3.3	2.8	2.7	3.1	3.7	3.8	3.5	2.9	2.5	2.2
Exportacións de bens e servizos	4.9	4.4	4.6	5.0	4.9	5.0	3.8	6.5	2.9	4.4
Exportacións de bens	4.4	3.0	3.8	4.2	5.1	4.5	2.2	6.0	1.0	3.0
Exportacións de servizos	6.0	7.5	6.6	6.9	4.6	6.0	7.6	7.5	7.2	7.8
Importacións de bens e servizos	5.6	3.3	4.8	5.5	6.2	6.1	4.5	5.4	1.0	2.3
Importacións de bens	5.8	1.7	5.2	5.8	6.8	5.6	3.3	4.6	-1.5	0.4
Importacións de servizos	4.6	10.7	2.9	4.1	3.2	8.1	10.5	9.1	12.6	10.4
Demanda externa (2)	-0.1	0.5	0.1	-0.0	-0.3	-0.2	-0.1	0.5	0.7	0.8
PIB a prezos de mercado	3.2	3.2	2.7	3.1	3.4	3.6	3.4	3.4	3.2	3.0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-2.9	3.4	-6.5	-4.3	-4.3	3.9	5.0	2.7	3.1	2.9
Industria	5.5	2.4	5.3	5.6	6.1	4.9	2.7	2.8	1.7	2.2
Industria manufactureira	7.0	3.1	6.1	6.9	7.9	7.0	4.4	3.8	2.4	2.0
Construcción	0.2	2.5	-0.2	-0.4	0.1	1.1	2.1	2.0	2.9	3.0
Servizos	2.6	3.4	2.2	2.6	2.9	2.9	3.4	3.6	3.4	3.1
Impostos netos sobre os produtos	6.7	4.2	6.2	6.6	6.9	7.0	4.8	4.3	4.2	3.6

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2017)

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fuente: INE, Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010

1.1.8.

maior taxa de crecemento interanual, cun 3,4%. Entre estes últimos cómpre salientar o subsector de actividades profesionais, cun crecemento do 6,9%, por diante das ramas de servizos de información e comunicacións e do comercio, transporte e hostalería, cun 5,6% e 4,4%, respectivamente.

Séguelle en importancia o crecemento da industria manufactureira, que rexistra unha medra interanual do 3,1%. Non obstante, é importante resaltar a forte ralentización experimentada ao longo de todo o ano 2016, rematando o último trimestre cunha medra interanual do 2%, a porcentaxe máis baixa dende o terceiro trimestre de 2013.

A diferenza do acontecido no caso da industria manufactureira, o sector da construción presenta as taxas de crecemento máis elevadas no segundo semestre do ano, situándose a variación interanual medio anual no 2,5% (0,2% no ano anterior).

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo e prezos industriais reflicten que España continúa coa súa mellora fronte á zona euro mentres que empeora fronte ao conxunto dos países da UE-28. Ao mesmo tempo, empeora a competitividade respecto aos novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.9.**).

Tendo en conta a evolución do emprego e da actividade económica, a produtividade aparente por traballador experimenta unha medra do 0,7%. Segundo os datos da Contabilidade trimestral do INE, a remuneración por asalariado experimentou en España un incremento do 3,1% en relación ao ano anterior, en tanto que o PIB en termos correntes o fai nun 3,6%, do que se desprende que o peso da remuneración de asalariados descende lixeiramente ata o 47,2%.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta,

Índices de competitividade de España 2010-16 ⁽¹⁾

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-28			Fronte a novos países industrializados de Asia ⁽²⁾	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2010	110.0	108.7	113.4	110.0	109.1	112.1	111.0	103.7
2011	110.4	109.8	111.6	110.2	110.0	110.4	110.1	106.9
2012	110.3	110.6	106.5	109.6	110.2	104.9	100.2	99.6
2013	110.5	110.8	104.7	110.2	110.7	103.6	101.2	100.7
2014	109.8	110.5	103.7	109.2	110.1	102.4	99.2	98.8
2015	108.9	111.3	103.6	107.4	110.1	101.5	84.0	84.3
2016	108.1	111.1	102.2	107.8	110.8	101.0	85.6	85.7

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

Distribución funcional da renda España 2008, 2015 e 2016 ⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados ⁽²⁾	Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta ⁽³⁾	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
	(en millóns de euros)			
2008	559,777.0	465,182.0	91,248.0	1,116,207.0
2015	510,344.0	453,015.0	112,280.0	1,075,639.0
2016	526,098.0	473,032.0	114,721.0	1,113,851.0
	(% / PIB)			
2008	50.1	41.7	8.2	100.0
2015	47.4	42.1	10.4	100.0
2016	47.2	42.5	10.3	100.0

(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2017)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fácese de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Base 2010*

1.1.10.

valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2016 un incremento medio anual do 4,4%, máis dun punto superior ao rexistrado no ano anterior (3,1%). Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse un 2,2% fronte aos case 7% experimentado no ano anterior.

En termos agregados, o dinamismo da actividade económica tradúcese nun bo comportamento do mercado

de traballo en termos da evolución da ocupación e da redución do desemprego. Asemade, aumenta tanto o número de empresas inscritas na Seguridade Social como o de sociedades mercantís creadas. Dunha banda, o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España aumenta no último ano en 513.453 persoas en relación ao ano anterior (un 3,0%) e a poboación ocupada estimada pola EPA en torno ás 475.500 persoas (2,7%). As contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en

Mercado de traballo en Galicia e España 2015-16

	Galicia		España	
	2015	2016	2015	2016
	(taxas de variación interanual)			
PIB (1)	2.1	3.1	3.2	3.2
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	2.1	1.7	3.2	3.0
Ocupación	1.9	2.3	3.0	2.7
Paro estimado	-11.7	-11.5	-9.9	-11.4
Paro rexistrado	-9.1	-8.9	-7.5	-8.6
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	-48.6	1.1	-37.0	-13.9
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	0.9	1.0	2.5	2.0
Sociedades mercantís creadas (3)	-7.0	14.2	0.5	6.8

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, base 2010 (consulta: 03-03-2017); datos 2015 e 2016 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2016 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1.1.11.

termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi de 481.669 ocupados (2,9%).

Doutra banda, o número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego a 31 de decembro de 2016 descende en 363.200 persoas en relación á mesma data do ano anterior (-8,6%) e o paro estimado pola EPA redúcese en 574.800 persoas (-11,4%). Influenciado pola redución da poboación activa e a devandita creación de emprego, a taxa de paro en España descende ata o 19,3%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da grega.

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social no ano 2016 aumenta un 2% respecto ás inscritas no ano anterior, sendo esta porcentaxe de case o 7% no caso do número de sociedades mercantís constituídas nese ano. No último ano volve a descender significativamente o número de empresas afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contratos ou reducións de xornadas, pasando de 5.675 expedientes abertos no ano 2015 a 3.999 no último ano (-29,5%), reducíndose case un 14% o número de traballadores afectados polos ditos expedientes (13.946 persoas menos).

• Índice de competitividade rexional

Un último elemento a ter en conta á hora de presentar un panorama xeral da economía española é o que fai re-

ferencia á competitividade rexional e ás súas dimensións. O índice de competitividade rexional (ICR) elaborado pola Comisión Europea considera tres dimensións de análise, que, de menor a maior avance de desenvolvemento, son: o básico, que engloba as variables relacionadas coas institucións, estabilidade macroeconómica, as infraestruturas, a sanidade e a educación básica; a dimensión de eficiencia, na que se considera a educación superior e a educación continua, a eficiencia do mercado de traballo e o tamaño do mercado; e en terceiro lugar, a dimensión da innovación, que é a fase máis desenvolvida, no que se inclúen indicadores de madurez tecnolóxica, sofisticación empresarial e a innovación.

No conxunto do Estado, o ICR acada un valor de 41 puntos sobre 100, lonxe da media comunitaria que é de 55 puntos, situándose a Comunidade de Madrid co valor máis elevado, con 67,7 puntos, o que a sitúa no posto 83 das 263 rexións europeas analizadas. Como reflicte o **cadro 1.1.12.**, a continuación situaríase o País Vasco, con 60,2 puntos (posto 119) e Navarra, con 51,6 puntos (posto 148). Galicia é a oitava Comunidade Autónoma co índice máis elevado, con 37,6 puntos, o que a situaría no posto 181 das 263 rexións europeas consideradas.

Atendendo á súa distribución segundo dimensións, Madrid presenta os valores máis elevados na dimensión básica (71,0 puntos) e na dimensión da innovación


Índice de competitividade rexional (ICR) 2016: distribución segundo dimensións

	Índice de competitividade rexional		Dimensión básica		Dimensión Eficiencia		Dimensión Innovación	
	Valor 0 - 100	Posición	Valor 0 - 100	Posición	Valor 0 - 100	Posición	Valor 0 - 100	Posición
Andalucía	25.7	220 / 263	55.2	164 / 263	31.1	244 / 263	33.3	187 / 263
Aragón	40.3	173 / 263	61.4	140 / 263	48.4	194 / 263	39.0	169 / 263
Asturias	39.9	174 / 263	53.2	173 / 263	50.7	188 / 263	37.9	172 / 263
Baleares	32.3	200 / 263	54.2	167 / 263	41.1	222 / 263	35.9	178 / 263
Canarias	27.1	217 / 263	53.5	172 / 263	35.9	232 / 263	29.9	201 / 263
Cantabria	44.1	164 / 263	56.1	161 / 263	55.3	167 / 263	38.3	171 / 263
Castela e León	36.8	187 / 263	58.1	152 / 263	47.0	199 / 263	31.7	192 / 263
Castela-A Mancha	27.6	216 / 263	60.7	143 / 263	33.4	240 / 263	27.5	207 / 263
Cataluña	48.7	153 / 263	63.8	129 / 263	54.0	175 / 263	50.2	138 / 263
C. Valenciana	37.1	184 / 263	57.2	156 / 263	45.7	105 / 263	36.8	175 / 263
Extremadura	21.1	230 / 263	53.1	174 / 263	28.6	252 / 263	24.7	219 / 263
Galicia	37.6	181 / 263	51.8	181 / 263	49.2	191 / 263	34.7	179 / 263
Madrid	67.7	83 / 263	71.0	104 / 263	70.4	82 / 263	65.5	57 / 263
Murcia	30.2	210 / 263	56.5	160 / 263	37.8	227 / 263	30.7	196 / 263
Navarra	51.6	148 / 263	58.2	151 / 263	64.0	130 / 263	41.2	160 / 263
País Vasco	60.2	119 / 263	57.8	153 / 263	71.2	78 / 263	51.2	134 / 263
A Rioxa	37.1	184 / 263	57.3	154 / 263	47.9	196 / 263	33.5	185 / 263

Fonte: Comisión Europea, Índice de Competitividade Rexional 2016

1.1.12.

Índice de competitividade rexional 2010-16 en Galicia. Distribución segundo dimensión



(1) Valor de 0 a 100

Fonte: Comisión Europea, Índice de Competitividade Rexional 2016

1.1.13.

(65,5 puntos), situándose o País Vasco co valor máis elevado no caso da dimensión de eficiencia, con 71,2 puntos (70,4 en Madrid). Galicia presenta valores sensiblemente inferiores nas tres dimensións, situándose estes índices en 51,8 no caso da dimensión básica e en 49,2 e 34,7 puntos nas dimensión de eficiencia e innovación, respectivamente.

Se se desagrega a análise a nivel dos distintos pilares que describen a competitividade, España presenta unha mellor posición que a media europea tan só en sanidade e educación básica. Por contra, os diferenciais negativos máis acusados corresponden ao pilar da eficiencia do mercado de traballo, seguido a distancia pola estabilidade macroeconómica e as infraestruturas. Segundo o índice de competitividade de 2016, España presenta valores superiores a 50 puntos nos pilares relativos á formación, á sanidade e á madurez tecnolóxica, acadando a puntuación máis elevada a correspondente á sanidade (90 puntos sobre 100). Por contra, os principais problemas atópanse no tamaño de mercado (28 puntos fronte a 39 na UE) e nas infraestruturas e sofisticación empresarial, con 31 puntos (43 e 39 puntos sobre 100 na UE).

No que á Comunidade Autónoma de Galicia se refire, o **cadro 1.1.13.** reflicte unha perda de competitividade ao descender o ICR desde os 45 puntos de 2010 ata os devanditos 38 puntos de 2016. Entre os dous anos considerados, Galicia presenta unha mellora nas dimensións básicas e de innovación, descendendo en oito puntos o valor correspondente á dimensión de eficiencia. Ao igual que España os pilares nos que mellor se atopa son os da sanidade e a educación básica (86 e 69 puntos, respectivamente), en tanto que os principais problemas son os das infraestruturas, con tan só 14 puntos sobre 100, e o tamaño de mercado, con 19 puntos. Asemade, cómpre mencionar que os pilares de complexidade empresarial e innovación presentan valores inferiores a 27 puntos sobre 100 (**cadro 1.1.15.**).

Panorama económico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.324.322 habitantes, 32.119 menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media

de 124,3 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,2%.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.14.**), comparando os datos das dúas rexións no ano 2015 (último dato dispoñible), este indicador de converxencia acada en Galicia case o 79% da media UE-28=100, máis de catorce puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal. Con todo, nos últimos tres anos mentres este indicador permanece constante en Galicia, na rexión Norte de Portugal aumenta dende o 63,2% de 2013 ata o 64,6%.

No concernente ao emprego, a poboación activa en Galicia descende en 2016 ata as 1.256.100 persoas, superando na rexión norte de Portugal as 1.810.000 persoas. A taxa de actividade das dúas zonas é do 53% e do 58,4%, respectivamente, porcentaxe que ascende a 56% no conxunto da eurorrexión, case dous puntos inferior á media comunitaria (57,7%).

A ocupación na eurorrexión ascendeu no ano 2016 a 2,55 millóns de persoas (o 40,3% da poboación total), dos que o 64,4% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 23% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 5,4% e o 7,2%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acoollendo o 70,7% das persoas ocupadas fronte ao 60,3% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é máis de doce puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 27,9% e o 15,6%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,8% da ocupación total en Galicia fronte ao 4,5% no norte de Portugal.

Galicia reduce a súa taxa de paro ata o 17,1%, situándose esta rateo por riba tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal. No último ano a taxa de paro acada no norte de Portugal o 12% e na euro-


Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-28
Superficie	(en Km ²)		50,860.7	29,574.8	21,285.9	4,439,549.0
Poboación						
Poboación de dereito	(miles de persoas)	01/01/2016	6,324,322	2,720,544	3,603,778	510,284,430
Densidade de poboación	(habs. / km ²)	01/01/2016	124.3	92.0	169.3	114.9
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			5.4	6.8	4.5	4.0
Industria	(%)	2015	23.0	15.6	27.9	17.4
Construción			7.2	6.9	7.3	6.7
Servizos			64.4	70.7	60.3	71.9
Desemprego (taxas paro)						
Total			14.1	17.1	12.0	8.5
Longo prazo (1)	(%)	2016	7.9	8.9	7.1	4.0
Feminino			14.7	17.8	12.6	8.7
Mozos (menores de 25 anos)			31.6	40.3	27.8	18.7
Produto interior bruto						
PIBpm	(millóns de €)	2013	120,626	58,455	62,171	13,558,630
		2014	124,195	59,661	64,534	14,002,591
		2015	130,123	62,435	67,688	14,714,029
		2013	69.9	78.9	63.2	100
PIB per cápita	(%, UE-28=100)	2014	70.4	78.6	64.1	100
		2015	70.7	78.9	64.6	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.14.

Índice de competitividade rexional 2016 na UE-28, Galicia e Norte de Portugal. Distribución segundo



Fonte: Comisión Europea, Índice de Competitividade Rexional 2016

1.1.15.

rrexión o 14,1%, porcentaxe moi superior á media europea, que en 2016 é de 8,5%. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 40,3%, fronte ao 27,8% no norte de Portugal e o 31,6% na Eurorexión (18,7% na UE-28).

Finalmente, ao igual que se fai na análise do panorama xeral da economía española, cómpre facer referencia ao índice de competitividade rexional da rexión norte de Portugal e a súa comparación con Galicia. O ICR da rexión norte de Portugal acada un valor de 31 sobre 100, sete puntos menos que a Comunidade Autónoma galega, o que a sitúa no posto 201 das 263 rexións europeas analizadas. A rexión norte presenta valores inferiores a Galicia nas tres dimensións consideradas, acadando valores de 45,3 puntos no caso da dimensión básica fronte aos 51,8 puntos de Galicia, 45 puntos sobre 100 no caso da dimensión de eficiencia (49,2 en Galicia) e 31,4 puntos no ámbito da innovación (34,7 puntos).

No que aos once pilares se refire, o **cadro 1.1.15**. reflicte que tan só a sanidade e a educación básica presentan no norte de Portugal valores superiores a 50 puntos (80 e 71 puntos, respectivamente). Por contra, os principais problemas radican, ao igual que en Galicia, nas infraestruturas e no tamaño de mercado, con valores inferiores a 20 puntos, e na sofisticación empresarial e na innovación, con 23 e 22 puntos, respectivamente. 

1.2.

Cadro macroeconómico

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a economía galega continúa coa súa tendencia positiva ao presentar no conxunto do ano 2016 un crecemento interanual acumulado do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 3,1% fronte ao 2,1% do ano anterior. Este dinamismo é lixeiramente máis feble que o rexistrado no conxunto do Estado (3,2%) aínda que superior ao previsto para a Unión Europea (1,9%) e a zona euro (1,7%)¹.

Este diferencial de crecemento respecto da media española explícase polo comportamento da economía no primeiro semestre do ano, xa que as contas económicas reflicten que o PIB presenta unha medra superior á española nos dous últimos trimestres do ano.

Por primeira vez dende o ano 2007 tanto a demanda externa como a demanda interna contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, sendo a demanda interna o principal motor de crecemento da economía galega. Dende a óptica da demanda, o gasto


privado sitúase como a variable máis dinámica en 2016 ao presentar unha taxa de variación interanual de 2,6%, por diante do gasto público (2,3%) e da formación bruta de capital (2,2%). Atendendo á evolución sectorial, cabe mencionar que a industria manufacturera é o sector que presenta un maior crecemento (3,5%), se ben no cuarto trimestre do ano a medra interanual é de 1,6%, a taxa máis reducida dende o primeiro trimestre de 2014, seguido polo sector servizos, cunha medra do 3,3%.

No concernente á distribución das rendas, a remuneración de asalariados mantén o incremento iniciado no ano anterior tras cinco anos de descensos (1,9% respecto ao ano anterior), sendo este incremento do 4,4% no caso do excedente bruto de explotación/renda mixta (EBE). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 43,4%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística (1995), en tanto que o peso relativo do EBE sitúase no 46,5%, o máis elevado da serie. O restante 10,1% corresponde aos impostos netos sobre produción e importacións.

A devandita evolución da actividade económica reflíctese no mercado de traballo que presenta tanto un incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de

1) A Contabilidade Rexional de España publicada polo INE estima que a economía galega medra no último ano un 3,4%, tres décimas máis que o estimado polo IGE. No ano anterior, o INE consideraba que o PIB galego medraba un 3,2%, 1,1 puntos por riba do publicado polo IGE.

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2007-16



(1) PIBpm; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2016)
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010

1.2.1.

traballo equivalentes a tempo completo, como un descenso do desemprego estimado pola EPA e o rexistrado no Servizo público de emprego. Con todo, este dinamismo non foi quen de frear a caída poboacional e nomeadamente, a redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos).

A produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue sendo inferior á media estatal, mantendo o seu nivel lixeiramente por baixo do 92% da produtividade en España. Asemade, cómpre salientar que a industria manufacturera non só presenta unha produtividade moi inferior á media española, que se sitúa por baixo do 75%, senón que este peso relativo redúcese nos últimos anos.

Análise macroeconómico da economía de Galicia

A economía galega encadeou no ano 2016 catorce trimestres consecutivos de crecemento interanual positivo, estimándose no cuarto trimestre do ano unha medra do 3,2%. No conxunto do ano 2016 o PIB de Galicia medrou un 3,1% en termos reais, un punto porcentual por riba do estimado no ano anterior.

Dende o punto de vista da demanda, o principal motor de crecemento da economía galega segue sendo a de-

manda interna, cunha achega de 2,5 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior, a diferenza do acontecido no ano anterior, contribúe positivamente con seis décimas en 2016. Como se aprecia no **gráfico 1.2.1.**, por primeira vez dende o ano 2007 tanto o sector exterior como a demanda interna experimentan unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB. Ao igual que en Galicia, no conxunto do Estado tanto a demanda interna como externa tamén contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, sendo esta de 2,8 puntos no caso da demanda interna e catro décimas no da externa.

No que ao compoñentes da demanda interna se refire, cómpre destacar que o gasto privado sitúase como a variable máis dinámica en 2016 ao presentar unha taxa de variación interanual de 2,6%, tres décimas máis que no ano anterior (**cadro 1.2.2.**). O gasto en consumo final das administracións públicas en Galicia presenta tamén un mellor comportamento en comparación co ano anterior, aumentando un 2,3%, catro décimas máis que en 2015. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, cómpre salientar que o menor crecemento do gasto en consumo final (2,5% en Galicia e 2,6% en España) ven motivado pola evolución do gasto privado, que medra en España un 3,2% en tanto que o gasto en consumo das administracións públicas medra un 0,8%, punto e medio menos que en Galicia.


PIB 2015-16: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2015	2016	2015				2016			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,2	2,5	1,7	1,8	2,2	3,2	2,5	3,0	3,3	1,4
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	2,6	1,6	2,2	2,6	2,9	2,9	2,8	2,6	2,2
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,9	2,3	2,1	0,8	1,1	3,9	1,4	3,4	5,3	-0,7
Formación bruta de capital fixo	5,8	2,2	6,1	6,3	5,8	5,2	3,5	1,9	2,0	1,6
Exportacións de bens e servizos	4,2	5,5	2,4	5,7	3,6	5,2	4,9	5,2	5,3	6,7
Importacións de bens e servizos	5,5	4,4	4,0	6,6	4,6	6,9	4,4	4,7	4,9	3,5
PIB a prezos de mercado	2,1	3,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0	3,3	3,2
VEB. Ramas agraria e pesqueira	1,4	0,9	1,3	0,2	2,3	1,7	-0,7	1,2	1,3	1,7
VEB. Ramas industriais	2,1	2,5	0,0	2,8	3,1	2,5	5,6	1,5	1,3	1,7
VEB. Industria manufactureira	4,6	3,5	3,0	5,2	4,1	6,0	6,5	2,2	3,2	2,0
VEB. Construción	3,7	3,1	2,1	3,5	5,1	4,3	3,1	3,3	2,9	3,0
VEB. Ramas dos servizos	2,1	3,3	1,9	2,0	2,0	2,5	2,6	3,4	3,9	3,4
Impostos netos sobre os produtos	1,6	3,7	1,6	1,2	1,1	2,6	2,1	3,7	4,5	4,6

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 06-03-2017)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010

1.2.2.

PIB en Galicia e España 2015-16 ⁽¹⁾⁽²⁾: evolución da taxa de variación interanual




(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2017)

(2) Os datos de 2014 son provisionais. Os datos dos anos 2015 e 2016 son avance

Fonte: INE, Contabilidad regional de España. Base 2010 e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

1.2.3.

PIB en Galicia 2015-16: distribución segundo as súas compoñentes



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 06-03-2017)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.4.

Outros indicadores que mostran a evolución positiva do consumo das familias son o índice de vendas do comercio polo miúdo, que medra un 3,7% respecto ao ano anterior (prezos constantes), e as importacións de bens de consumo, que medraron en 2016 un 8,8% respecto ao ano 2015, sendo esta medra dous puntos superior á do conxunto do Estado (6,8%).

O consumidor galego ten unha percepción máis pesimista atendendo á evolución do indicador de confianza. Este indicador toma valores entre -100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e -100 con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos. O **cadro 1.2.5.** amosa que no ano 2016 este indicador acada un valor negativo de -15,1 puntos, cando no ano precedente era de -10,6 puntos. Asemade, empeora a percepción da situación da economía galega e a percepción da situación financeira persoal, que se si-

túan en -10,8 e -5,9 puntos, respectivamente (-1,0 e -4 no ano anterior, respectivamente).

Un indicador do gasto en consumo das Administracións Públicas é a evolución da licitación oficial pública. A demanda licitación segundo data de anuncio rexistrou en Galicia un crecemento superior ao 11% en relación ao ano anterior (descendera un 9,3% en 2015), por mor da licitación da Administración Xeral do Estado, que medra un 15,4%, e da Administración local, que se incrementa nun 13,9%. Por contra, o importe da licitación pública da Administración Autonómica redúcese un 1,8%.

Doutra banda, o cadro macroeconómico reflicte a forte contracción do investimento, medido pola formación bruta de capital (FBC), cunha medra do 2,2% no ano 2016 cando no ano precedente medrara case un 6%. Atendendo á súa evolución trimestral o investimento medra no cuarto trimestre de 2016 un 1,6% respecto ao mesmo período do ano anterior, a porcentaxe máis baixa

Consumo e investimento en Galicia e España 2015-16: principais indicadores

	Galicia		España	
	2015	2016	2015	2016
<i>(taxas de variación interanual)</i>				
Consumo				
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos correntes)</i>	2,5	2,2	1,8	2,1
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos constantes)</i>	4,5	3,7	3,6	3,7
Producción de bens de consumo	4,2	4,1	3,3	1,6
Producción de bens de consumo duradeiro	11,2	19,8	3,0	0,9
Producción de bens de consumo non duradeiro	1,8	4,7	1,1	1,7
Importación de bens de consumo	1,8	8,8	11,5	6,8
Ocupación hoteleira	8,9	7,0	4,1	5,4
Gasto de Administracións Públicas	1,9	2,3	2,0	0,8
Investimento				
<i>(taxas de variación interanual)</i>				
Producción de bens de equipo <i>(índice de produción industrial)</i>	9,0	-0,6	7,2	3,1
Importacións de bens de equipo	21,4	-7,5	18,9	6,6
Licitación pública				
Total	-9,3	11,1	-27,6	1,6
Administración Xeral do Estado	-13,8	15,4	-30,8	-23,1
Administración autonómica	31,2	-1,8	-7,3	13,9
Administracións locais	-24,9	13,9	-36,6	28,7
Consumo de cemento				
Expectativas do consumidor (1)				
Indicador de confianza do consumidor	-10,6	-15,1		
Situación financeira persoal	-4,0	-5,9		
Situación económica de Galicia <i>(saldo medio das respostas)</i>	-1,0	-10,8		
Capacidade de aforro	-34,9	-34,6		
Desemprego	-2,4	-9,1		

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

1.2.5.

dende o primeiro trimestre de 2014. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o crecemento da FBC en España volve a presentar unha maior intensidade, acadando unha taxa interanual do 3,8%.

En relación ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha contracción do 0,6% (medra un 3,2% en España) cando no ano 2015 a taxa de variación interanual ascendera ao 9% (7,2% en España). De xeito similar, as importacións de bens de equipamento rexistraron en 2016 unha caída significativa, cun descenso do 7,5% (medra un 6,6% no conxunto do Estado) fronte ao incremento superior ao 21% no ano anterior.

No que respecta á demanda externa, os datos do cadro macroeconómico de Galicia reflicten que a devandita achega positiva ven motivada por un maior incremento das exportacións que das importacións, sendo este

ritmo de crecemento superior ao da economía española. Dunha banda, as exportacións galegas de bens e servizos medran a unha taxa interanual do 5,5% en relación ao ano anterior, un punto e unha décima por riba das importacións. Doutra banda, no conxunto do Estado o crecemento das exportacións foi do 4,4% fronte ao 3,3% no caso das importacións.

A partir da información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dedúcese que o incremento das exportacións/expedicións, excluído o resto do territorio español, superou no ano 2016 os 20.038 millóns de euros (6,4% máis que no ano anterior), consecuencia tanto das exportacións galegas a países comunitarios (7,1%) como a resto dos países (4,4%). No que respecta ás importacións/introducións, estas aumentaron un 3,1% (464,4 millóns de euros), influenciado igualmente polo incremento das compras a países da UE (3,3%) como polas procedentes de terceiros países (2,8% máis que no ano anterior).

Atendendo á natureza dos bens, o 59,1% do valor total das exportacións corresponden a bens de consumo fronte ao 29,7% dos bens intermedios e un 11,2% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, ao representar máis da metade do valor das exportacións (51,4%) fronte ao 39,7% no caso dos bens de consumo. Pola contra, tanto en Galicia como en España as importacións concéntranse nos bens intermedios, que representan o 58,2% e 61,8% do valor total das compras exteriores, fronte aos 37,8% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 29,4% en España.

• Agregados da oferta

A análise do cadro macroeconómico dende a óptica da oferta indica que todos os grandes sectores produtivos presentan novamente taxas de crecemento interanuais positivas. A nivel agregado, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento da industria manufactureira que, ao igual que no ano anterior, se sitúa como actividade de maior crecemento cunha taxa de variación interanual do 3,5% respecto ao ano anterior, por diante do sector servizos, que, impulsado pola actividade de comercio, transporte e hostalería, presenta unha forte aceleración no seu ritmo de crecemento (3,3% no ano 2016). A análise da evolución trimestral ao longo de todo o ano amosa o dinamismo do sector servizos, que se sitúa como o sector de maior crecemento nos últimos tres trimestres do ano, mentres que a industria manufactureira experimenta no derradeiro trimestre do ano unha taxa de crecemento interanual do 2%, a taxa máis baixa dende o primeiro trimestre de 2013.

O sector da construción ralentiza o seu crecemento no ano 2016, presentando unha taxa de variación interanual do 3,1%, seis décimas menos que no ano anterior. O devandito **cadro 1.2.2.** reflicte que o incremento desta rama de actividade no segundo semestre do ano é lixeiramente inferior ao estimado para os primeiros seis meses. Finalmente, o sector primario medra un 0,9% no conxunto do ano 2016, medio punto menos que en 2015, salientando que as taxas de crecemento melloran a medida que avanza o ano.

En comparación co que acontece no conxunto do Estado, o subsector da industria manufactureira e a construción presentan taxas de crecemento superiores ás estimadas

no conxunto do Estado (3,1% e 2,5% en España). O sector servizos medra en España un 3,4%, unha décima máis que en Galicia, destacando o diferencial existente no sector primario, medrando este un 3,4% en España fronte aos devanditos 0,9% na economía galega.

• Distribución da renda

Os datos da remuneración de asalariados recollidos no cadro macroeconómico (*datos ata 3º trimestre*) reflicten que no ano 2016 mantense o incremento iniciado no ano anterior tras 5 anos de caídas (dende 2009 a 2014). Ao longo do ano 2016 a remuneración salarial experimenta unha medra do 1,9%, dúas décimas máis que no ano anterior, sendo a taxa de variación interanual da actividade produtiva medida en termos de PIB nominal prezos correntes do 3,2%. Por contra, o excedente de explotación bruto/renda mixta bruta (EBE) aumenta un 4,4% en relación ao ano anterior (1,9% en 2015). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 43,4%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística (1995), en tanto que o peso relativo do EBE sitúase no 46,5%, o máis elevado da serie.


No que respecta á evolución da distribución da renda no período 2008-2015, a participación dos asalariados na renda diminúe en 3,5 puntos porcentuais, pasando do 46,9% no ano 2008 ata os devanditos 43,4% do último ano. Pola contra, o peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan en dous puntos (10,1% do PIB en 2016) e o do EBE increméntase en 1,6 puntos porcentuais, pasando do 45,0% aos 46,5% en 2016. Cómpre resaltar que por cuarto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación (**gráfico 1.2.6.**).

A taxa de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) a decembro de 2016 foi do 1,6%, cando en decembro do ano anterior este índice situouse no -0,2% (-1% en 2014). A súa evolución ao longo do ano amosa que dende setembro de 2016 o IPC presenta unha tendencia crecente, acadando taxas de variación positivas no último cuadrimestre do ano.

O aumento salarial medio pactado en Galicia experimentou unha medra do 0,92%, dúas décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Segundo os datos do Ministerio

Asignación funcional da renda 2008-15 ⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
	(en millóns de euros)			
2008	27.388,4	26.263,4	4.727,5	58.379,3
2009	27.291,2	24.912,9	4.630,9	56.835,0
2010	26.746,8	25.142,9	5.162,8	57.052,5
2011	26.284,4	24.945,9	5.070,8	56.301,1
2012	24.711,3	24.491,1	5.198,9	54.401,3
2013	24.429,8	24.989,9	5.263,9	54.683,6
2014	24.245,9	25.410,0	5.374,1	55.030,1
2015	24.758,7	25.898,9	5.650,9	56.308,6
2016	25.220,9	27.047,4	5.844,7	58.113,0



(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-06-2017)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fuente: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010

1.2.6.


de Empleo y Seguridad Social, Galicia presenta, tanto nos convenios de empresa como nos doutro ámbito, unha medra inferior á media estatal, situándose no 0,65% nos de empresa (0,71% en España) e no 0,97% nos doutro ámbito (1,06 de media no Estado).

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medido en termos do número de postos de traballo, mostra que en 2016 os 948.080 asalariados existentes en Galicia segundo os datos das Contas económicas trimestrais (825.980 asalariados equivalentes a tempo completo) representaban o 84,3% do total, distribúense o 43,4% da renda (datos terceiro trimestre).

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **gráfico 1.2.7.**, o CLUR aumenta en Galicia, se ben a un ritmo inferior ao do conxunto do Estado.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que o incremento da remuneración de asalariados no último ano é máis intensa no conxunto do Estado (3,1%) que en Galicia (1,7%) e, por outra banda, o cre-

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España 2008-16
(2008 = 100)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.7.

o cemento da produtividade aparente prodúcese en Galicia por un incremento do PIB superior ao experimentado polo emprego asalariado.

• Inflación

O índice xeral de prezos ao consumo retoma en 2016 as taxas de variación interanuais positivas a partir do mes de setembro. No mes de decembro o IPC rexistra un incremento dos prezos do 1,6% en relación ao mesmo mes do ano anterior, porcentaxe similar ao do conxunto do Estado. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais e examinar o cumprimento do Tratado de Maastricht, os prezos aumentaron en España un 1,4% (no ano anterior descenderan un 0,1%) en tanto que nos países da UE-28 a taxa interanual a decembro foi do 1,2%.

A nivel provincial, as catro provincias galegas rexistran en decembro de 2016 variacións do IPC positivas, cando no mesmo período do ano anterior descendera en Ou-

rense e Pontevedra. Os prezos medran un 1,6% en A Coruña, Lugo e Pontevedra e un 1,7% na de Ourense.


Os incrementos de prezos máis acusados rexístranse, tanto en Galicia como en España, nos grupos de transporte e comunicacións, cunha medra do 4,7% e 3,3%, respectivamente. Por contra, segundo se amosa no **cadro 1.2.9.**, na C.A. tan só reducíronse os prezos no grupo enxoval, cunha caída do 0,5% no mes de decembro do último ano en relación ao ano anterior, mentres que no conxunto do Estado descende no caso dos medicamentos, cun 0,1% (medrara un 1,4% no ano anterior).

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os que presentan o maior descenso interanual no mes de decembro de 2016 son os prezos do aceite e graxas, co 4,4%, por diante dos obxectos recreativos, cunha caída do 4%, e do leite, cun 3,8% menos. Por outra banda, os incrementos máis acusados rexístranse novamente no caso das patacas e os seus derivados, co 16,9%, seguido


IPC en Galicia e España 2015-16 ⁽¹⁾

(taxas de variación interanual)

IPC xeral



IPC subxacente



(1) datos no mes de decembro de cada ano
Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

1.2.8.

IPC en Galicia e España 2015-16: distribución segundo grupos ⁽¹⁾

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
(taxas de variación interanual)				
Xeral	-0,2	0,0	1,6	1,6
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,4	1,8	1,0	0,8
Bebidas alcohólicas e tabaco	1,2	1,3	0,9	0,9
Vestido e calzado	0,5	0,5	0,8	0,9
Vivenda	-3,2	-2,3	0,8	0,8
Enxoval	0,6	0,1	-0,5	0,0
Medicina	0,2	0,5	1,4	-0,1
Transporte	-2,8	-2,8	4,7	4,7
Comunicacións	0,4	0,5	3,3	3,3
Ocio e cultura	0,1	0,2	0,2	0,5
Ensino	0,6	0,5	1,6	0,9
Hoteis, cafés e restaurantes	0,9	0,9	1,3	1,4
Outros bens e servizos	1,4	1,7	1,6	1,9

(1) datos no mes de decembro de cada ano
Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

1.2.9.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2016 ⁽¹⁾: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
<i>(taxas de variación interanual)</i>							
Andalucía	7,7	2,5	1,9	2,5	-0,7	3,4	18,6
Aragón	1,0	1,7	1,6	1,8	0,7	-1,7	8,1
Asturias	7,7	1,6	1,0	1,7	0,6	17,0	3,2
Baleares	4,0	0,7	0,6	0,7	1,4	0,8	6,5
Canarias	12,0	0,4	1,7	0,3	0,5	0,5	17,0
Cantabria	2,4	4,0	4,1	4,0	-1,5	1,6	3,6
Castela e León	0,3	1,4	0,2	1,4	0,7	-1,6	4,5
Castela-A Mancha	3,7	-0,9	-0,4	-1,0	0,0	-0,5	15,2
Cataluña	1,7	1,0	0,6	1,0	-0,3	1,5	4,5
C. Valenciana	2,9	0,6	1,4	0,5	0,5	0,5	18,2
Extremadura	0,2	0,0	1,3	-0,1	7,6	-2,7	5,9
Galicia	2,9	0,3	0,7	0,3	0,2	-0,1	15,7
Madrid	-1,6	-0,2	0,9	-0,3	-0,1	0,9	-3,6
Murcia	4,9	4,3	2,0	4,6	7,0	-1,4	11,0
Navarra	-0,5	0,0	0,1	0,0	-1,1	-1,4	4,8
País Vasco	5,7	2,3	0,8	2,8	4,9	1,8	13,3
A Ríoxa	0,2	0,7	-1,6	0,9	0,0	-0,7	-0,1
Total	2,8	1,1	1,1	1,1	0,6	1,2	8,2

(1) datos no mes de decembro

Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.10.

polos crustáceos, moluscos e preparados de peixe e legumes e hortalizas frescas, cunha medra do 5,6%.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano 2016 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 0,9% e 1%, respectivamente.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.10.** amosa que en Galicia a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha medra do 2,9%, fronte á caída do 2,5% do ano anterior (2,8% no conxunto do Estado). En Galicia este incremento é consecuencia, fundamentalmente, do impacto da evolución experimentada no caso dos bens enerxéticos (15,7%), presentando o conxunto dos bens de consumo duradeiro unha taxa de variación positiva do 0,7%. Asemade, o IPRI medra tres décimas no caso dos bens de consumo non duradeiro e dúas décimas no dos bens de equipamento.

• Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos

sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,92%, dúas décimas superior ao incremento rexistrado no ano anterior. Esta lixeira subida ven motivada tanto pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 0,97% en relación ao ano anterior (0,75% no ano 2015), como nos convenios de empresa, cunha medra 0,65% (0,47% no ano anterior). Como se aprecia no **cadro 1.2.11.**, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos do último ano, situándose novamente por baixo do rexistrado de media no conxunto do Estado.

O custo laboral é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). A diferenza do acontecido no ano anterior, o custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2016 un incremento do 0,1% (descende un 0,4% de media no conxunto do Estado) para situarse nos 2.248,26 euros de media, un 13,1% menos que en España. Comparado co resto das CC.AA. Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma cos custos laborais máis baixos segundo os datos da *Enquisa trimestral do mercado la-*

Variación salarial pactado en Galicia e España 2008-2016

	2008	2013	2014	2015	2016
	(%)				
Galicia					
Convenios totais	4,19	0,56	0,58	0,72	0,92
Convenios de empresa	3,43	1,21	0,49	0,47	0,65
Convenios doutro ámbito	4,29	0,49	0,59	0,75	0,97
España					
Convenios totais	3,00	0,53	0,50	0,80	1,06
Convenios de empresa	3,00	0,55	0,37	0,47	0,71
Convenios doutro ámbito	3,00	0,53	0,52	0,84	1,08

(data da consulta 20-02-2017)

(1) Convnios doutro ámbito: Son convenios de ámbito superior á empresa

1.2.11.

Custos laborais en Galicia e España 2015-16: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2015							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.246,16	2.629,08	2.431,42	2.135,53	2.551,70	3.033,78	2.667,11	2.453,62
Custo salarial total	1.648,96	1.922,57	1.682,03	1.579,81	1.902,37	2.257,03	1.882,23	1.837,24
Custo salarial ordinario	1.447,89	1.641,48	1.498,80	1.396,12	1.639,71	1.894,13	1.630,32	1.592,64
Outros custos	597,19	706,51	749,39	555,72	649,33	776,75	784,88	616,38
Custo por percepción non salariais	66,69	78,56	123,50	58,20	73,85	79,92	122,94	69,43
Custo por cotizacións obrigatorias	543,01	639,04	638,38	510,38	590,06	712,10	674,10	561,56
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,51	11,09	12,48	12,87	14,58	15,26	12,16	14,61
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,16	18,92	16,43	16,78	19,78	21,82	18,55	19,45
Custo salarial total por hora	12,60	13,84	11,37	12,41	14,75	16,23	13,09	14,56
Custos salarial ordinario por hora	11,06	11,81	10,12	10,97	12,72	13,63	11,34	12,64
Outros custos por hora	4,56	5,08	5,06	4,37	5,04	5,59	5,46	4,89
	2016							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.248,26	2.696,04	2.364,58	2.128,95	2.541,34	3.044,99	2.621,62	2.442,58
Custo salarial total	1.654,98	1.987,18	1.615,68	1.577,78	1.897,50	2.266,03	1.854,74	1.832,05
Custo salarial ordinario	1.446,93	1.656,01	1.450,03	1.395,89	1.636,10	1.897,91	1.606,78	1.589,54
Outros custos	593,28	708,87	748,90	551,18	643,84	778,96	766,88	610,53
Custo por percepción non salariais	63,40	65,39	128,94	57,01	70,69	77,70	109,43	66,79
Custo por cotizacións obrigatorias	542,32	656,93	632,07	506,40	588,07	716,74	669,98	558,72
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,45	13,45	12,11	12,23	14,92	15,47	12,53	14,98
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,37	19,51	16,11	16,93	19,77	21,88	18,24	19,45
Custo salarial total por hora	12,78	14,38	11,01	12,55	14,76	16,28	12,90	14,59
Custos salarial ordinario por hora	11,18	11,98	9,88	11,10	12,74	13,65	11,19	12,67
Outros custos por hora	4,59	5,13	5,10	4,38	5,01	5,60	5,34	4,86

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

1.2.12.

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2015-16: distribución segundo sectores

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Producción	<i>(prezos correntes, en millóns de euros)</i>			
PIB pm	56.308,6	1.075.639	58.113,0	1.113.851
VEB sector primario	2.635,4	25.004	2.668,0	26.028
VEB industria	9.565,6	176.102	9.665,4	179.527
Ind. manufactureira	7.005,8	138.914	7.218,8	142.968
VEB construción	3.378,9	54.554	3.482,5	56.540
VEB servizos	35.356,6	720.135	36.735,3	748.911
Emprego equivalente a tempo completo	<i>(en número)</i>	<i>(en miles)</i>	<i>(en número)</i>	<i>(en miles)</i>
Total	965.711,0	16.885,0	987.763,0	17.366,7
Sector primario	69.305,0	699,8	72.980,0	722,9
Industria	141.916,0	2.140,4	146.010,0	2.181,4
Ind. manufactureira	130.674,0	1.916,6	134.560,0	1.961,9
Construción	67.890,0	985,3	66.919,0	1.007,3
Servizos	686.600,0	13.059,5	701.854,0	13.455,1
Produtividade aparente	<i>(prezos correntes, en miles de euros / ocupado)</i>			
Total	58,31	63,70	58,83	64,14
Sector primario	38,03	35,73	36,56	36,00
Industria	67,40	82,27	66,20	82,30
Ind. manufactureira	53,61	72,48	53,65	72,87
Construción	49,77	55,37	52,04	56,13
Servizos	51,50	55,14	52,34	55,66
Produtividade aparente	<i>(prezos correntes, % G/E)</i>			
Total	91,53		91,73	
Sector primario	106,43		101,54	
Industria	81,93		80,43	
Ind. manufactureira	73,97		73,62	
Construción	89,89		92,71	
Servizos	93,39		94,04	

(1) datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 20-04-2017)
Fonte: INE e IGE

1.2.13.

bora (INE), tan só por riba de Estremadura (2.097,31 euros por traballador e mes) e Canarias (2.160,77 euros).

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados en Galicia e España foi novamente a industria, cunha media de 2.696,04 euros en Galicia, o 88,5% da media estatal (**cadro 1.2.12.**). Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.364,58 euros (o 90,2% do custo medio estatal) e os servizos, con 2.128,95 euros (o 87,2% da media española).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura e Canarias. Tras unha redución do 0,1% respecto ao ano anterior (descende un 0,2% no conxunto de España) estas ganancias acadaron

no último ano os 1.446,93 euros, 189,17 euros menos que a media estatal.

• Mercado de traballo e produtividade

Tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, a recuperación da actividade económica, cun incremento do PIB real superior ao 3% no ano 2016, reflíctese na evolución do mercado de traballo que experimenta un incremento da ocupación, tanto se a medimos a través das afiliacións (1,7%) como a través da poboación ocupada ou os postos de traballo equivalentes a xornada completa (2,3% en relación ao ano anterior). Non obstante, a pesar do dinamismo económico no último ano continúa o descenso da poboación activa, se ben a un ritmo inferior ao rexistrado no ano anterior (0,4% e 1%, respectivamente).

Distribución do orzamento 2017 por eixes do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

	Importe (millóns de euros)	% total
E.1.- Empregabilidade e crecemento intelixente.	2.887,2	32,2
E.2.- Benestar das persoas e as familias e cohesión social.	4.509,2	50,2
E.3.- Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes.	955,8	10,6
E.4.- Sociedade dixital, lingua, cultura; e reforzo do peso de Galicia no seu entorno.	480,2	5,3
E.5.- Administración moderna, eficiente e de calidade.	146,5	1,6
Total (1)	8.978,9	100

(1) Non se inclúe os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911 A)

1.2.14.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, aumentou en Galicia no 2016 un 0,9%, dúas décimas máis que o rexistrado na economía española (0,7%). En termos reais, dos datos da Contabilidade Rexional do INE despréndese que o incremento da produtividade aparente foi do 2,2% na comunidade galega fronte ao 0,3% no conxunto do Estado.

Atendendo á súa distribución sectorial, os datos do PIB en termos nominais reflicten que a economía galega presenta caídas da produtividade aparente tanto no sector primario como na industria, incluída a enerxía e a industria extractiva (3,9% e 1,8%, respectivamente). Por contra, a actividade da construción presenta un incremento do 4,6%, tres puntos por riba do estimado para o sector servizos.

A produtividade aparente do factor traballo en Galicia mantense lixeiramente por baixo do 92% da media estatal. Como indica o **cadro 1.2.13.**, a produtividade aparente do emprego de todos os sectores, agás o sector primario, seguen por debaixo da media estatal, salientando o reducido peso da industria manufacturera, con tan só o 73,6% da media estatal.

Xunto ao incremento da ocupación e a caída do desemprego, o **cadro 1.1.11.** [*Mercado de traballo en Galicia e España 2015-16*] reflicte unha medra do 1,1% número de traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego (descendera un 48,6% no ano anterior), así como un incremento do 1%, no número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón (2% en España) e un crecemento

superior ao 14% no número de sociedades mercantís creadas no último ano, fronte ao incremento do 6,8% de media estatal.

Marco orzamentario

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017, aprobados pola Lei 1/2017, de 8 de febreiro, enmárcanse no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, cuxo obxectivo final é a xeración de emprego a través dun modelo de crecemento máis intensivo en innovación e coñecemento básico. O Orzamento sinala que o obxectivo xeral do Plan é o de “impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e retomar a senda do crecemento demográfico”.

Como se reflicte no **cadro 1.2.14.**, o devandito Plan presenta cinco eixes –catro eixes de actuación e un quinto instrumental–, salientando en termos orzamentarios o de Benestar das persoas e as familias e cohesión social (eixe 2), que concentra o 50,1% do total do PEG para ese ano, seguido polo de empregabilidade e crecemento intelixente (eixe 1), co 32,2%.

O marco orzamentario para o ano 2017 enfróntase a unha situación de incerteza derivada do feito de que aínda non estaban aprobados os orzamentos do Estado para ese ano no momento no que se aprobaron os galegos. Non obstante, o Consejo de Política Fiscal y Financiera informara en abril de 2016 que o obxectivo de estabilidade orzamentaria, medido como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional

Orzamentos da C.A. 2016-17: conta financeira homoxeneizada ⁽¹⁾

	2016	2017	17/16	
	(en miles de €)		(%)	
Operacións correntes				
Ingresos	8.024.436	8.123.726	99.291	1,2
Imposto directos	2.194.298	2.236.274	41.976	1,9
Impostos indirectos	3.242.799	3.226.456	-16.343	-0,5
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	178.603	168.766	-9.837	-5,5
Transferencias Correntes	2.392.676	2.483.303	90.627	3,8
Ingresos patrimoniais	16.060	8.928	-7.132	-44,4
Gastos	7.335.116	7.537.500	202.385	2,8
Gastos de persoal	3.566.897	3.614.832	47.935	1,3
Gastos correntes de bens e servizos	1.482.695	1.570.653	87.958	5,9
Gastos financeiros	270.997	234.748	-36.249	-13,4
Transferencias correntes	2.014.527	2.117.268	102.741	5,1
Aforro bruto	689.320	586.226	-103.094	-15,0
Operacións da capital				
Ingresos	596.945	616.920	19.975	3,3
Alleamento de investimentos reais	13.000	7.070	-5.930	-45,6
Transferencias de capital	583.945	609.850	25.905	4,4
Gastos	1.417.288	1.471.643	54.354	3,8
Investimentos reais	777.375	805.565	28.190	3,6
Transferencias de capital	639.914	666.078	26.164	4,1
Formación de capital	820.344	854.723	34.379	4,2
Fondo de continxencia	52.038	36.169	-15.869	-30,5
Necesidade de Financiamento	-183.062	-304.666	-121.604	66,4
Operacións financeiras				
Atencións	1.505.799	1.755.835	250.037	16,6
Activos financeiros	152.957	147.656	-5.301	-3,5
Pasivos financeiros	1.352.841	1.608.179	255.338	18,9
Recursos	1.688.861	2.060.501	371.641	22,0
Activos financeiros	32.426	29.837	-2.589	-8,0
Endebadamento bruto	1.656.435	2.030.665	374.230	22,6
Necesidade de Financiamento	-183.062	-304.666	-121.604	66,4

(1) proxecto de orzamento 2017

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.15.

do -0,5% do PIB (posteriormente en decembro de 2016 aumentouse este límite ata o -0,6%). O escenario macroeconómico para a Comunidade Autónoma prevé unha ralentización do seu crecemento, que se sitúa no 2,4%, sete décimas menos que no ano anterior, sustentado pola achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB (2,4 puntos porcentuais) mentres que se estima neutra a contribución da demanda externa.

Ao abeiro da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, acordouse un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da C.A. para o exercicio 2017 de 9.063 millóns de euros (8.873 millóns no exercicio anterior). O gasto non financeiro consolidado sitúase en 9.045 millóns de euros, cifra

que se axusta ao devandito teito de gasto e supera á contía do ano anterior en máis de 240 millóns de euros.

Ao igual que acontecera no exercicio de 2016, a Xunta de Galicia aprobou uns orzamentos expansivos. O presuposto, despois de deducir 4.212,4 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas, ascende a 10.801,1 millóns de euros en termos consolidados, o que significa unha medra do 4,8% respecto ao ano anterior.

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos. Esa situación de

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2016-17: distribución funcional ⁽¹⁾

Funcións	2016		2017		17/16
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	
1 Actuacións de carácter xeral	262.329	2,5	265.387	2,5	1,2
11 Alta dirección da Com. Autónoma	35.594	0,3	36.266	0,3	1,9
12 Administración Xeral	68.110	0,7	68.514	0,6	0,6
13 Xustiza	128.244	1,2	134.576	1,2	4,9
14 Administración local	15.629	0,2	13.266	0,1	-15,1
15 Normalización lingüística	6.757	0,1	6.819	0,1	0,9
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	7.995	0,1	5.945	0,1	-25,6
2 Protección civil e seguranza cidadá	24.016	0,2	25.543	0,2	6,4
21 Protección civil e seguridade	24.016	0,2	25.543	0,2	6,4
3 Protección e promoción social	856.696	8,3	915.773	8,5	6,9
31 Acción social e promoción social	642.603	6,2	669.332	6,2	4,2
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	209.901	2,0	241.929	2,2	15,3
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.191	0,0	4.513	0,0	7,7
4 Produción de bens públicos de carácter social	5.893.130	57,2	6.063.918	56,1	2,9
41 Sanidade	3.511.531	34,1	3.611.492	33,4	2,8
42 Educación	2.148.156	20,8	2.209.446	20,5	2,9
43 Cultura	62.162	0,6	64.057	0,6	3,0
44 Deportes	19.611	0,2	19.219	0,2	-2,0
45 Vivenda	51.353	0,5	57.646	0,5	12,3
46 Outros servizos comunit. e sociais	100.317	1,0	102.059	0,9	1,7
5 Produción de bens públ. de carácter económico	828.379	8,0	830.894	7,7	0,3
51 Infraestruturas	276.618	2,7	284.528	2,6	2,9
52 Ordenación do territorio	15.595	0,2	16.937	0,2	8,6
53 Promoción do solo para actividades económicas	50.568	0,5	31.425	0,3	-37,9
54 Actuacións ambientais	119.329	1,2	121.356	1,1	1,7
55 Actuacións e valorización do medio rural	135.100	1,3	137.650	1,3	1,9
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	130.676	1,3	135.368	1,3	3,6
57 Sociedade da información e do coñecemento	96.400	0,9	99.273	0,9	3,0
58 Información estatística básica	4.093	0,0	4.356	0,0	6,4
6 Regulación económica de carácter xeral	83.585	0,8	80.492	0,7	-3,7
61 Actuacións económicas xerais	29.160	0,3	30.913	0,3	6,0
62 Actividades financeiras	54.425	0,5	49.579	0,5	-8,9
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial	643.281	6,2	672.227	6,2	4,5
71 Dinamización económica do medio rural	334.054	3,2	339.639	3,1	1,7
72 Pesca	82.389	0,8	93.514	0,9	13,5
73 Industria, enerxía e minaría	62.918	0,6	57.195	0,5	-9,1
74 Desenvolvemento empresarial	106.748	1,0	118.925	1,1	11,4
75 Comercio	13.142	0,1	16.535	0,2	25,8
76 Turismo	44.029	0,4	46.420	0,4	5,4
8 Transferencias a entidades locais	120.626	1,2	124.650	1,2	3,3
81 Transferencias a entidades locais	120.626	1,2	124.650	1,2	3,3
9 Débeda pública	1.598.200	15,5	1.822.264	16,9	14,0
91 Débeda pública	1.598.200	15,5	1.822.264	16,9	14,0
Total	10.310.242	100	10.801.148	100	4,8

(1) proxecto de orzamento 2017

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.16.

equilibrio acádase mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, **cadro 1.2.15.**, que a través de diversos saldos facilitan información básica sobre o alcance e composición dos orzamentos.

A conta financeira homoxeneizada para os anos 2016 e 2017 reflicte que os ingresos non financeiros aumenta-

ron no orzamento do último ano en 119,3 millóns de euros, un 1,4% máis que no exercicio precedente, aumentando tanto os ingresos correntes como os de capital. En termos absolutos os ingresos non financeiros ascenderon ata os 8.740,6 millóns de euros.

Os presupostos prevén un incremento dos ingresos correntes de 1,2% en relación ao ano anterior, acadando

Magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2017: relación cos saldos en Contabilidade Nacional

	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Déficit orzamentario non financeiro sen efecto Liq.Negat. 2008 e 2009, Conta 413 e inexecución		Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	% PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	% PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	% PIB rexional
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Andalucía	- 1.054.341,5	-0,7	- 303.079,8	-0,2	- 778.079,8	-0,5
Asturias	- 135.610,7	-0,6	- 84.758,0	-0,4	- 115.758,0	-0,5
Baleares	- 263.346,1	-0,9	- 195.663,0	-0,7	- 147.243,6	-0,5
Canarias	- 210.186,6	-0,5	- 112.596,6	-0,3	- 111.296,6	-0,3
Cantabria	- 102.798,1	-0,8	- 83.688,1	-0,6	- 79.458,1	-0,6
Extremadura	- 201.266,8	-1,1	- 83.913,4	-0,5	- 94.577,0	-0,5
Galicia	- 304.666,1	-0,5	- 219.666,1	-0,4	- 297.666,1	-0,5
Murcia	- 270.866,2	-0,9	- 211.694,1	-0,7	- 162.422,8	-0,5
Navarra	- 111.288,2	-0,6	- 81.288,2	-0,4	- 97.600,2	-0,5
C. Valenciana	- 678.354,0	-0,6	- 591.566,9	-0,5	- 541.459,3	-0,5
Total(1)	- 3.332.724,3	-0,7	- 1.967.914,2	-0,4	- 2.425.561,4	-0,5

Consulta: 11-4-17

(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Necesidade de financiamento da C.A. 2017

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-304.666,1
Axustes conforme as normas SEC	7.000
Liquidacións negativas do sistema de financiación	85.000
Intereses	1.000
Inexecución	0
Recadación incerta	-33.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-49.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	3.000
Capacidade / Necesidade de financiación	-297.666
% PIB	-0,5

Consulta: 11-4-17

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

os 8.123,7 millóns de euros, 99,3 millóns máis que en 2016, o que representa o 92,9% dos ingresos non financeiros. Este incremento prodúcese pola evolución experimentada polas transferencias correntes e os impostos directos, que medran en 90,6 millóns de euros e 42 millóns, respectivamente. Por contra, redúcese a recadación dos impostos indirectos, con 16,3 millóns de euros

(-0,5%), das taxas, con case 10 millóns menos (-5,5%) e os ingresos patrimoniais, con 7,1 millóns de euros menos (-44,4%).

Como reflicte o devandito **cadro 1.2.15.**, os impostos indirectos representan o 39,7% dos ingresos correntes (3.226,5 millóns de euros), por diante das transferencias

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2017: distribución funcional

	Sanidade		Educación		Seguridade, protección e promoción social		Débeda pública		Resto de funcións ou políticas	
	17/16		17/16		17/16		17/16		17/16	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	9.237.634,9	5,6	7.020.252,1	3,1	2.158.931,6	1,4	4.162.050,1	38,8	6.610.261,2	4,2
Asturias	1.673.677,0	12,6	749.559,5	3,9	412.212,3	8,1	440.020,0	-7,2	886.095,5	3,3
Baleares	1.494.315,4	7,5	882.576,9	8,1	183.531,4	19,3	928.059,5	8,2	1.179.752,8	15,3
Canarias	2.704.860,3	2,8	1.558.897,0	3,7	321.294,8	9,5	730.106,6	-19,7	2.024.029,3	5,0
Cantabria	824.906,1	2,4	537.924,0	2,0	215.512,5	1,4	386.188,2	17,1	636.827,5	8,1
Extremadura	1.539.066,3	-0,7	1.016.627,3	0,0	309.634,4	2,9	315.271,7	-17,0	1.392.988,4	3,1
Galicia	3.558.260,9	2,9	2.209.446,2	2,9	600.766,1	5,7	1.822.264,2	14,0	2.557.179,6	2,9
Murcia	1.772.061,9	1,7	1.318.250,4	1,7	340.832,7	5,9	880.221,6	5,5	781.310,3	8,3
Navarra	1.035.134,2	5,9	644.023,6	7,1	416.056,5	12,9	387.827,7	-26,8	1.578.836,8	3,4
C. Valenciana	6.072.586,1	3,0	4.394.327,4	5,0	1.066.276,1	6,7	3.833.264,3	-5,5	2.358.520,2	16,7
Total(1)	29.912.503,0	4,3	20.331.884,4	3,6	6.025.048,2	5,2	13.885.274,0	7,1	20.005.801,6	6,1

Consulta: 11-4-17

(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.19.

correntes, co 30,6% (2.483,3 millóns) e da imposición directa, co 27,5% (2.236,3 millóns de euros).

Os ingresos por operacións de capital aumentan un 3,3% (20 millóns de euros) para situarse nos 616,9 millóns de euros. Esta medra ven como consecuencia fundamentalmente do comportamento das transferencias de capital a recibir neste exercicio a causa da execución da programación dos Fondos Comunitarios.

No concernente aos ingresos financeiros, os orzamentos para o exercicio de 2017 indican que estes ascenderán ata os 2.030,7 millóns de euros. Á hora de comparar co ano anterior hai que ter en conta que o endebedamento neto inicial en 2016 era do 0,3% do PIB que para o ano 2017 foi modificado (0,7%). Deste xeito, os orzamentos recollen que o diferencial entre os dous anos considerados situaríase preto do 230 millóns de euros, o que supón un incremento homoxéneo do 7,6%.

Por outra banda, os gastos non financeiros presentan unha evolución positiva do 2,7% (240,9 millóns de euros máis que no ano 2016). Este comportamento é consecuencia tanto do incremento dos créditos destinados a operacións correntes, 2,8% (202,4 millóns de euros), como dos gastos de capital, cunha medra do 3,8% (54,4 millóns).

No que atinxe aos gastos correntes, estímase unha

medra de 48 millóns de euros no gasto de persoal (1,3%), sendo esta medra de case o 6% nos gastos en bens e servizos (88 millóns de euros), e do 5,1% no caso das transferencias correntes (102,7 millóns de euros). Así mesmo, é destacable un novo descenso dos gastos financeiros, que se reducen un 13,4% respecto ao ano 2016 (36,2 millóns de euros menos).

En relación ás operacións de capital, novamente estímase unha medra tanto dos investimentos reais como das transferencias de capital. Como se reflicte no devandito **cadro 1.2.15.**, este incremento será do 3,6% no primeiro caso (28,2 millóns de euros máis) e do 4,1% (26,2 millóns) no caso das transferencias.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, o **cadro 1.2.16.** reflicte que as funcións relativas a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social representan o 60,1% do orzamento de gastos. En relación ao orzamento do exercicio anterior, as dúas primeiras funcións presentan unha medra lixeiramente inferior ao 3% fronte ao 4,2% no caso da acción e promoción social. Se se teñen en conta todas as funcións, o incremento máis acusado en termos absolutos corresponde ás de débeda pública, con 224,1 millóns de euros máis, seguido da sanidade e educación, con 100 e 61,3 millóns máis que no exercicio anterior.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2017

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro	Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento	
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto Ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto Ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos- Ingresos
	(en miles de €)				(en miles de €)
Andalucía	982.220,8	-2.036.562,3	-1.054.341,5	-0,7	-1.065.975,3
Asturias	-35.440,5	-100.170,2	-135.610,7	-0,6	-174.751,1
Baleares	49.921,0	-313.267,1	-263.346,1	-0,9	-263.102,5
Canarias	176.631,7	-386.818,3	-210.186,6	-0,5	-202.668,3
Cantabria	79.670,0	-182.468,1	-102.798,1	-0,8	-106.968,9
Extremadura	-120.860,8	-80.406,0	-201.266,8	-1,1	-201.267,8
Galicia	550.056,7	-854.722,9	-304.666,1	-0,5	-422.485,8
Murcia	-56.984,6	-213.881,6	-270.866,2	-0,9	-199.167,5
Navarra	166.274,3	-277.562,5	-111.288,2	-0,6	-126.270,6
C. Valenciana	149.301,9	-827.655,9	-678.354,0	-0,6	-774.421,5
Total (1)	1.940.790,7	-5.273.515,0	-3.332.724,3	-0,7	-3.537.079,2

Consulta: 11-4-17

(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.20.

datos publicados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas reflicten que Galicia presenta un incremento dos créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos de Seguridade, Protección e Promoción Social superior á media das dez Comunidades Autónomas recollidas no **cadro 1.2.19**. (5,7% e 5,2%, respectivamente), a diferenza do que acontece no caso da sanidade (2,9% e 4,3%, respectivamente) e educación (2,9% e 3,6%, respectivamente). Cómpre mencionar que mentres que en Galicia o gasto destinado á “Débeda Pública” aumenta un 14%, no conxunto das dez CC.AA. reflectidas no devandito cadro este incremento foi de do 7,1%.

A análise dos indicadores da actividade económico-financeira de Galicia recollidos na conta financeira, cómpre mencionar que o aforro bruto por operacións correntes sitúase no orzamento de 2017 nos 586,2 millóns de euros, fronte aos 689,3 millóns do exercicio precedente, como consecuencia dunha medra do 2,8% dos gasto e do 1,9% dos ingresos correntes. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo entre ingresos e gastos de capital 854,7 millóns de euros (un 4,2% máis que en 2016), que foi financiado polo devandito aforro por operacións correntes xunto co fondo de continxencia, que se situou en 36,2 millóns de euros (52 millóns no ano anterior).

Como resultado do anterior, a necesidade de financia-

mento reflectida na conta financeira dos orzamentos para o exercicio 2017 aumenta ata os 304,7 millóns de euros (183,1 millóns no ano anterior). Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento sitúase en 297,7 millóns de euros (174,1 millóns en 2016), o que suporía o 0,5% do PIB para 2017, é dicir, dúas décimas máis que no exercicio anterior (**cadro 1.2.18**).

O endebedamento neto acada os 442,5 millóns de euros, que se destina, dunha banda, ao financiamento de activos financeiros, que se manteñen nun nivel similar ao do ano anterior (117,8 millóns de euros) e doutra banda, os 304,6 millóns de euros restantes financian os investimentos.

A débeda acumulada en Galicia no ano 2016 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) ascendeu ata 10.854 millóns de euros segundo o avance do Banco de España, o que representa o 3,9% da débeda total española. Comparado co resto das CC.AA, Galicia sitúase como a sexta Comunidade que rexistra un menor incremento en relación ao ano anterior (4,6%), por detrás de Canarias (2%), Baleares (2,9%), Cataluña (3,4%), A Ríoxa (3,6%) e Navarra (4,2%). No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 5,2% (**cadro 1.2.21**).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento

Débeda das CC.AA. 2015-16 ⁽¹⁾

	2015			2016		
	débeda acumulada	débeda / habitante	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	(2) (en euros)	(%)	(en millóns de euros)	(2) (en euros)	(%)
Andalucía	31.645	3.767,69	22,0	33.350	3.975,87	22,5
Aragón	6.930	5.258,58	20,6	7.486	5.720,78	21,6
Asturias	3.876	3.687,11	18,2	4.094	3.926,69	18,9
Baleares	8.330	7.542,02	30,6	8.573	7.742,82	30,1
Canarias	6.669	3.175,25	16,3	6.804	3.237,03	16,0
Cantabria	2.677	4.574,67	21,9	2.890	4.963,88	23,0
Castela e León	10.557	4.270,54	19,7	11.316	4.623,46	20,4
Castela - A Mancha	13.426	6.520,04	36,3	14.055	6.884,20	37,0
Cataluña	72.659	9.677,41	35,6	75.098	9.982,99	35,4
C. Valenciana	41.998	8.432,17	41,4	44.658	9.003,69	42,5
Extremadura	3.576	3.271,74	20,7	4.059	3.731,46	22,9
Galicia	10.375	3.797,10	18,6	10.854	3.992,61	18,7
Madrid	28.686	4.456,43	14,1	30.451	4.708,68	14,4
Murcia	7.601	5.180,31	27,6	8.305	5.669,53	29,1
Navarra	3.322	5.186,77	18,0	3.461	5.402,35	18,2
País Vasco	9.486	4.332,98	14,3	9.958	4.548,00	14,5
A Ríoxa	1.436	4.529,21	18,2	1.487	4.708,77	18,5
Total	263.248	5.646,14	24,5	276.899	5.947,53	24,2

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.21.


Recadación tributaria 2008-16

	2008		2013		2015		2016	
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)
Total	5.721.873	100	5.657.277	100	6.394.673	100	6.597.790	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	3.618.470	64,0	4.134.332	64,7	3.957.590	60,0
IRPF	2.593.708	45,3	2.400.542	42,4	2.524.097	39,5	2.518.080	38,2
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.083.480	19,2	1.469.698	23,0	1.297.200	19,7
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	82.136	1,5	89.079	1,4	95.755	1,5
Resto capítulo I	1.846	0,0	52.312	0,9	51.458	0,8	46.555	0,7
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	1.965.784	34,7	2.197.481	34,4	2.575.202	39,0
IVE	1.560.234	27,3	1.850.903	32,7	2.075.289	32,5	2.377.355	36,0
Impostos especiais	49.707	0,9	46.299	0,8	13.152	0,2	90.091	1,4
Tráfico exterior	88.720	1,6	65.643	1,2	100.517	1,6	98.371	1,5
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	73.023	1,3	62.860	1,0	64.998	1,0

Fonte: Agencia Tributaria, *Recadación tributaria*

1.2.22.

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-16



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 3-04-2017); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.23.

e o PIB aumentou ata o 18,7%, sendo esta porcentaxe do 24,2% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 3.992,61 euros, situándose moi por baixo da media estatal, que ascendeu a 5.947,53 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria en Galicia, a recadación líquida total en Galicia aumenta en 2016 por terceiro ano consecutivo. Tras unha medra do 3,2% respecto ao ano anterior (10,7% en 2015), a recadación acadou os 6.597,8 millóns de euros, mantendo o seu peso relativo no total estatal no 3,5%.

En termos absolutos, o **cadro 1.2.22.** amosa un descenso do 4,3% da recadación por impostos directos, influenciado fundamentalmente pola caída de case un 12% dos impostos sobre sociedades, acadando os 3.957,6 millóns de euros (176,7 millóns menos que no ano anterior). Entre a imposición directa cómpre mencionar a importancia da recadación do IRPF, que se sitúa en 2.518,1 millóns de euros, un 0,2% menos que no exercicio 2015, e a dos impostos sobre sociedades, que descende ata os 1.297,2 millóns de euros (172,5 millóns menos que no ano anterior). No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación medrou un 17,2% respecto ao ano 2015 para situarse nos 2.575,2 millóns (377,7 millóns máis). Entre estes, o IVE recadou un total de 2.377,4 millóns de euros,

un 14,6% máis que no exercicio precedente, 302,1 millóns de euros máis.

Atendendo á evolución do seu peso relativo no total da recadación tributaria, cómpre mencionar o forte incremento do peso do IVE, que no ano 2016 representa o 36% da recadación, fronte ao 27,3% do ano 2008, a diferenza do acontecido no caso do IRPF, que supón o 38,2% da recadación no último ano fronte aos 45,3% no comezo da crise. O imposto de sociedades representa unha porcentaxe aínda inferior ao de 2008, con 19,7% e 23,1%, respectivamente.

Proceso de converxencia

Tal como se sinala ao longo do presente capítulo, a economía galega pecha o exercicio de 2016 cun crecemento interanual do PIB do 3,1% segundo os datos presentados polo IGE, unha décima menos que a media estatal, manténdose practicamente constante o diferencial existente. Por contra, Contabilidade Rexional de España publicada polo INE reflicte para Galicia un crecemento do PIB real do 3,4%, dúas décimas por riba da media estatal, sendo esta medra do 3,9% no caso do PIB per cápita tanto en Galicia como en España. En termos de variación interanual do PIB pm a prezos correntes Galicia presenta unha medra do 3,8% en relación ao ano anterior, dúas décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2009-16⁽¹⁾

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	(PIB / habitante)									
	2009 (media España=100)	2015	2016	16/09 (variación absoluta)	16/15	2009 (media UE-28=100)	2014	2015	14/09 (variación absoluta)	15/14
Andalucía	76,3	73,9	73,6	-2,7	-0,3	77	66	66	-11,0	0,0
Aragón	109,1	110,0	109,8	0,7	-0,2	110	99	99	-11,2	0,0
Asturias	90,7	87,9	87,2	-3,5	-0,7	91	78	79	-12,0	1,0
Baleares	104,2	104,0	103,8	-0,4	-0,2	105	94	93	-12,3	-1,0
Canarias	86,0	82,9	82,9	-3,1	0,0	86	75	74	-12,0	-1,0
Cantabria	93,8	90,4	89,9	-3,9	-0,5	94	82	81	-13,0	-1,0
Castela e León	93,5	93,8	94,5	1,0	0,7	94	84	84	-10,0	0,0
Castela-A Mancha	81,2	77,6	77,6	-3,6	0,0	82	69	70	-12,0	1,0
Cataluña	116,6	119,1	119,3	2,7	0,2	117	107	107	-10,0	-0,1
C. Valenciana	88,6	88,7	88,8	0,2	0,1	89	79	80	-9,0	0,6
Extremadura	69,6	68,5	68,3	-1,3	-0,2	70	61	62	-8,5	1,0
Galicia	88,0	88,4	89,1	1,1	0,7	89	79	79	-9,9	0,0
Madrid	134,9	136,8	136,5	1,6	-0,3	136	123	123	-13,5	0,0
Murcia	82,5	81,1	81,0	-1,5	-0,1	83	73	73	-10,2	0,0
Navarra	124,2	125,4	124,4	0,2	-1,0	125	113	113	-12,4	0,0
País Vasco	128,2	132,8	132,7	4,5	-0,1	129	119	119	-10,1	-0,1
A Rioxa	106,8	108,8	107,2	0,4	-1,6	107	98	98	-9,0	-0,1
Ceuta	86,4	81,3	81,1	-5,3	-0,2	87	73	73	-14,3	0,0
Melilla	81,1	73,6	73,8	-7,3	0,2	82	67	66	-16,0	-1,0
Total						101	90	90	-11,0	0,0

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)
(consulta: 24-04-2017)
Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.24.

• Converxencia coa media estatal

Segundo os datos da *Contabilidad regional* do INE, o PIB a prezos correntes no conxunto do último ano ascende en Galicia ata os 57.967,5 millóns de euros, o que representa o 5,20% do total estatal (**gráfico 1.2.23.**). A taxa de variación interanual en termos nominais é do 3,8% e en termos de volume, do 3,4%. Se se comparan os datos facilitados polo IGE e o INE, cómpre resaltar que mentres o primeiro considera unha medra interanual do 3,1%, unha décima menos que no conxunto do Estado, o INE reflicte un incremento de maior intensidade que a media española.

O indicador PIB rexionalizable per cápita aumenta no último ano en Galicia ata os 89,1 puntos (España=100), sete décimas máis que no ano anterior. Como se aprecia no **gráfico 1.2.25.**, este valor é o máis elevado da serie considerada, estimándose un aumento respecto ao ano 2008 de 1,7 puntos. Tendo en conta que no período 2008-2016 a contracción económica é superior á media española, a converxencia entre ambos os dous anos prodúcese polo efecto da caída da poboación.


Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sétima Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, por riba do rexistrado en Extremadura (68,3% do valor español), Andalucía (73,6%), Castela-A Mancha (77,6%), Murcia (81,0%), Canarias (82,9%) e Asturias (87,2%).

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2015 reflicten unha medra do 5% en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 79,2% da media da UE-28 (89,6% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a sexta Comunidade co menor índice, superando novamente a Extremadura (61,6%), Andalucía (66,4%), Castela-A Mancha (69,6%), Murcia (72,7%) e Canarias (74,4%).

O devandito proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2015 Galicia perde 9,3 puntos porcentuais, o que

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 e Galicia fronte a España: 2000-16



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
(consulta: 11-05-2017)
Fonte: INE, EUROSTAT

1.2.25.

a converte nunha das Comunidades que menos diverxe en termos de PIB/habitante, influenciado en parte pola caída da poboación nese período de tempo.

Como se aprecia no **gráfico 1.1.25.**, a crise económica frea a senda de converxencia producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea. Para o caso da economía galega, os datos provisionais para o ano 2015 parecen definir unha estabilización do peso relativo do seu PIB per cápita na UE-28 en torno ao 79% da media europea, superando para o conxunto do Estado o 89% no último ano do que se dispón de datos. □

1.3.

Evolución demográfica

Galicia tiña, a 1 de xaneiro de 2016, 2.718.525 persoas empadroadas nos seus concellos, o 5,84% da poboación española, o que significa unha redución de 13.822 persoas en relación á mesma data do ano anterior. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, dende xaneiro de 2010 a poboación descende de xeito continuado, sendo esta caída superior ao 0,5% de media anual. En termos absolutos, a perda acumulada de poboación na Comunidade Autónoma nese período de tempo ascende a 79.128 persoas, un 2,8%, mentres que no conxunto do Estado esta perda é do 1%.

Por outra banda, a poboación potencialmente activa descende no mesmo período de tempo en máis de 123.600 persoas, un 6,7%, o que incide negativamente tanto na evolución do mercado de traballo como na sostibilidade do sistema de prestacións sociais. Asemade, a poboación maior de 64 anos aumenta en 41.602 persoas, pasando a representar o 24,3% da poboación total en xaneiro de 2016, 2,1 puntos porcentuais por riba do rexistrado na mesma data de 2010. Nos últimos anos aumenta o saldo vexetativo negativo, que se sitúa en -12.261, o nivel máis baixo dende o ano 2000, a diferenza do que acontece no caso do saldo mi-

gratorio, que retoma os valores positivos rexistrados antes de 2011.

Estrutura da poboación

A poboación empadroada en Galicia descende de xeito continuado a partir de 2010 ata acadar as 2.718.525 persoas o 1 de xaneiro de 2016, o que supón un 0,5% menos que na mesma data do ano anterior. Aínda que con distinta intensidade, este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres así como nas catro provincias galegas, na denominada Galicia occidental-costa e Galicia interior, e nos grandes grupos de concellos considerados.

Dende o comezo da crise económica a Comunidade Autónoma perdeu case 66.000 habitantes (2,4% menos), o que contrasta co incremento do 0,9% experimentado no conxunto do Estado. Das oito CC.AA. que perden poboación dende o comezo da crise, Galicia sitúase como a terceira con maior redución tanto en termos porcentuais, tras Castela e León (-4,3%) e Asturias (-3,5%), como en termos absolutos, tras Castela León e a C. Valenciana. Como consecuencia desta evolución, o peso relativo da poboación residente en Galicia des-

Poboación nas CC.AA. 2015-16

	Poboación a 1 de xaneiro 2015				Poboación a 1 de xaneiro 2016				16/15		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.399.043	4.144.532	4.254.511	95,9	8.388.107	4.139.194	4.248.913	95,8	-10.936	-5.338	-5.598
Aragón	1.317.847	652.687	665.160	27,6	1.308.563	647.206	661.357	27,4	-9.284	-5.481	-3.803
Asturias	1.051.229	502.175	549.054	99,1	1.042.608	497.852	544.756	98,3	-8.621	-4.323	-4.298
Baleares	1.104.479	549.678	554.801	221,2	1.107.220	550.682	556.538	221,8	2.741	1.004	1.737
Canarias	2.100.306	1.043.203	1.057.103	282,0	2.101.924	1.042.838	1.059.086	282,3	1.618	-365	1.983
Cantabria	585.179	284.788	300.391	110,0	582.206	282.988	299.218	109,4	-2.973	-1.800	-1.173
Castela e León	2.472.052	1.219.616	1.252.436	26,2	2.447.519	1.206.775	1.240.744	26,0	-24.533	-12.841	-11.692
Castela-A Mancha	2.059.191	1.032.673	1.026.518	25,9	2.041.631	1.022.722	1.018.909	25,7	-17.560	-9.951	-7.609
Cataluña	7.508.106	3.691.745	3.816.361	233,8	7.522.596	3.697.368	3.825.228	234,3	14.490	5.623	8.867
C. Valenciana	4.980.689	2.460.805	2.519.884	214,2	4.959.968	2.448.748	2.511.220	213,3	-20.721	-12.057	-8.664
Estremadura	1.092.997	542.078	550.919	26,3	1.087.778	539.239	548.539	26,1	-5.219	-2.839	-2.380
Galicia	2.732.347	1.317.054	1.415.293	92,4	2.718.525	1.309.809	1.408.716	91,9	-13.822	-7.245	-6.577
A Coruña	1.127.196	541.292	585.904	141,8	1.122.799	538.878	583.921	141,2	-4.397	-2.414	-1.983
Lugo	339.386	164.605	174.781	46,7	336.527	163.154	173.373	46,3	-2.859	-1.451	-1.408
Ourense	318.391	153.043	165.348	32,3	314.853	151.226	163.627	31,9	-3.538	-1.817	-1.721
Pontevedra	947.374	458.114	489.260	210,8	944.346	456.551	487.795	210,1	-3.028	-1.563	-1.465
Madrid	6.436.996	3.087.022	3.349.974	794,9	6.466.996	3.098.631	3.368.365	798,6	30.000	11.609	18.391
Murcia	1.467.288	735.434	731.854	129,7	1.464.847	733.555	731.292	129,5	-2.441	-1.879	-562
Navarra	640.476	317.885	322.591	61,6	640.647	317.840	322.807	61,7	171	-45	216
País Vasco	2.189.257	1.065.925	1.123.332	302,6	2.189.534	1.065.580	1.123.954	302,6	277	-345	622
A Ríoxa	317.053	156.733	160.320	62,8	315.794	155.969	159.825	62,6	-1.259	-764	-495
Ceuta	84.263	42.757	41.506	4.434,9	84.519	42.846	41.673	4.448,4	256	89	167
Melilla	85.584	43.593	41.991	6.583,4	86.026	43.768	42.258	6.617,4	442	175	267
Total	46.624.382	22.890.383	23.733.999	92,1	46.557.008	22.843.610	23.713.398	92,0	-67.374	-46.773	-20.601
Galicia / España (%)	5,86	5,75	5,96		5,84	5,73	5,94				

Fuente: INE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes

1.3.1.

cente dende o 6,03% de 2008 ata o 5,84% do ano 2016.

No conxunto de Galicia o devandito descenso rexistrado no último ano afecta tanto a homes como a mulleres (7.245 e 6.577 menos, respectivamente), rexistrándose a mesma tendencia nas catro provincias galegas. Na provincia de A Coruña a perda de poboación situouse en case 4.400 habitantes e en máis de 3.500 habitantes en Ourense, en tanto que en Pontevedra esta redución supera lixeiramente as 3.000 persoas e en Lugo, as 2.850.


Por contra, tan só as comarcas de A Coruña e Santiago presentan unha medra da súa poboación (792 e 526 habitantes máis, respectivamente), rexistrándose tamén incrementos en 38 concellos galegos, dos que catorce pertencen á provincia de A Coruña, outros catro, a Pontevedra, seis a Ourense e catro a Lugo.

Historicamente, as perdas de poboación en Galicia concentrábanse nas provincias de Lugo e Ourense, que

eran compensadas polos incrementos poboacionais das provincias de A Coruña e Pontevedra. Sen embargo, nos últimos cinco anos as catro provincias presentan unha caída da poboación, se ben é moito máis acusada en termos relativos en Ourense e Lugo. Dunha banda, a provincia de Ourense é a que rexistra a maior caída en termos relativos, cun descenso acumulado do 5,5% nos últimos cinco anos (-18.404 persoas), por diante de Lugo, cun -4,4% (-15.003 persoas) e A Coruña e Pontevedra, cun descenso lixeiramente superior ao 2% (-24.325 e -19.165 habitantes).

Cómpre destacar que, en termos xeográficos, se observan contrastes salientables non só entre as provincias occidentais e as do interior, senón tamén a nivel comarcal e municipal. Dunha banda, por quinto ano consecutivo o descenso da poboación rexístrase tanto nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na pro-

Evolución demográfica 2005-2016 (1): distribución provincial



(1) 2005 = 100

Fonte: INE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes

1.3.2.

Evolución da poboación 2005-16 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos



	2005	2008	2014	2015	2016	Poboación 2016		
						Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
						(% sobre poboación)		
Total	2.762.198	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	12,7	62,9	24,3
A Coruña	1.126.707	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	12,9	63,4	23,7
Lugo	357.625	355.549	342.748	339.386	336.527	10,6	60,7	28,7
Ourense	339.555	336.099	322.293	318.391	314.853	10,5	58,8	30,7
Pontevedra	938.311	953.400	950.919	947.374	944.346	14,0	64,6	21,4
Galicia occidental costa	1.951.662	1.979.042	1.978.711	1.970.674	1.964.224	13,5	64,1	22,4
Galicia interior	810.536	805.127	769.984	761.673	754.301	10,8	59,9	29,3
Sete grandes cidades	987.149	993.124	994.407	989.936	987.779	13,5	64,2	22,4
Vigo	293.725	295.703	294.997	294.098	292.817	14,0	64,8	21,2
A Coruña	243.349	245.164	244.810	243.870	243.978	12,9	63,4	23,8
Ourense	108.358	107.057	106.905	106.231	105.893	12,9	62,4	24,7
Lugo	92.271	95.416	98.560	98.134	98.268	14,0	65,3	20,8
Santiago de Compostela	92.919	94.339	95.800	95.612	95.966	13,5	65,7	20,7
Pontevedra	79.372	80.749	82.946	82.539	82.549	15,1	65,5	19,4
Ferrol	77.155	74.696	70.389	69.452	68.308	11,7	61,5	26,8
Concellos segundo tamaño								
< 1.000 hab.	28.096	26.667	22.840	22.290	21.601	5,0	51,6	43,4
1.001 a 5.000 hab.	496.356	478.265	427.910	421.767	414.102	8,1	56,9	35,0
5.001 a 10.000 hab.	384.360	388.407	385.806	382.948	380.520	12,1	61,9	26,0
> 10.000 hab.	1.853.386	1.890.830	1.912.139	1.905.342	1.902.302	13,9	64,6	21,5

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2016; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2005 e 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab.

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes

1.3.3.



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partir de xullo
 Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes*


1.3.4.

vincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) como na Galicia interior. Como reflicte o **cadro 1.3.3.**, a 1 de xaneiro de 2016 residían nas devanditas comarcas un total de 1.964.224 persoas, 6.450 menos que na mesma data do ano anterior, sendo esta redución superior a 14.800 persoas en relación a xaneiro de 2008. Tendo en conta a maior caída rexistrada no interior

(-7.372 persoas), aumenta a concentración da poboación na Galicia occidental costa ata o 72,3%, un punto porcentual superior á rexistrada ao comezo da crise (69,8% no ano 2000).

O 36,3% da poboación galega atópase empadroada nas sete grandes cidades. A poboación total destas urbes volve a descender respecto á do ano anterior,

Poboación en Galicia 2005, 2008, 2014, 2015 e 2016 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos do padrón

Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.5.

acadando o 1 de xaneiro de 2016 as 987.779 persoas, 2.157 menos que na mesma data de 2015. No último ano tan só Vigo, Ferrol e, en menor medida, Ourense rexistran unha perda da súa poboación. Dende o comezo da crise, o descenso máis acusado prodúcese en Ferrol, con case 6.400 residentes censados menos, o que supón unha caída do 8,6% entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2016 (–0,5% no conxunto das sete cidades e –2,4% en Galicia). Por contra, o incremento máis significativo corresponde a Lugo, cunha medra do 3% (2.528 persoas máis), por diante de Pontevedra, cun 2,2% (1.800 habitantes) e Santiago de Compostela, cun 1,7% (1.627 persoas).

Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 56 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2016 contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.902.302 persoas, o que supón o 70% do total da poboación de Galicia. Ao igual que acontecera nos tres anos anteriores, a poboación residente descende nestes concellos, superando esta caída as 3.000 persoas no último ano. Con todo, entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2016 estes concellos presentaron unha medra en torno ás 11.500 persoas, pasando o seu peso relativo dende os case 68% ata o 70% de 2016 (66,8% no ano 2005).

A poboación residente nos 30 concellos que en 2016 tiñan menos de 1.000 habitantes descendeu ata as 21.601 persoas (689 menos que no ano anterior), o que representa o 0,8% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2016. No comezo da crise económica de 2008, Galicia contaba con 17 concellos cunha poboación residente inferior aos 1.000 habitantes, sendo o seus peso relativo do 0,4% (12.230 persoas). Pola contra, o número de concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes descende entre os dous anos considerados ata os 172 concellos (182 concellos en 2008), situándose o número de habitantes en torno ás 414.100 persoas, o 15,2% do total de Galicia (16,7% a 1 de xaneiro de 2008).

A desagregación provincial da análise dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte non só a redución da poboación empadroada en concellos de máis de dez mil habitantes nas catro provincias galegas, senón tamén a elevada concentración da poboación de Pontevedra nestes concellos. A un de xaneiro de 2015, estes concellos acollen o 82,4% da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi superior tanto á rexistrada en A Coruña, con case o 71%, como á que presentan Lugo e Ourense, co 47,7% e 53,4%, respectivamente.

Poboación residente nas CC.AA. 2016 ⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
		(%)	0-15	16-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.405.303	18,10	17,4	39,1	27,1	16,4	2,1
Aragón	1.318.738	2,84	15,2	35,7	28,0	21,1	3,9
Asturias	1.041.026	2,24	11,8	33,0	30,8	24,4	4,3
Baleares	1.135.633	2,45	16,3	41,5	26,8	15,4	2,1
Canarias	2.135.722	4,60	15,0	40,9	28,8	15,3	1,8
Cantabria	582.548	1,25	14,5	35,2	29,6	20,7	3,7
Castela e León	2.454.858	5,29	13,0	33,3	29,4	24,3	4,9
Castela-A Mancha	2.049.147	4,41	16,5	38,3	26,8	18,5	3,4
Cataluña	7.408.853	15,95	16,9	37,5	26,9	18,6	3,0
C. Valenciana	4.933.051	10,62	16,2	37,4	27,6	18,8	2,6
Extremadura	1.085.115	2,34	15,1	36,9	28,1	19,9	3,3
Galicia	2.720.544	5,86	12,7	35,4	27,9	24,0	4,0
A Coruña	1.124.212	2,42	12,9	35,6	28,2	23,4	3,6
Lugo	336.213	0,72	10,5	32,5	28,4	28,6	5,8
Ourense	314.764	0,68	10,4	31,7	27,5	30,3	5,8
Pontevedra	945.355	2,04	14,0	37,4	27,5	21,0	3,2
Madrid	6.424.843	13,83	16,9	38,9	27,0	17,2	2,7
Murcia	1.466.507	3,16	18,7	40,2	25,7	15,3	2,1
Navarra	637.540	1,37	16,7	36,4	27,6	19,3	3,4
País Vasco	2.164.144	4,66	15,1	33,8	29,3	21,7	3,5
A Ríoxa	312.815	0,67	15,8	35,9	28,0	20,3	3,7
Ceuta	84.663	0,18	22,4	41,2	25,1	11,3	1,3
Melilla	84.777	0,18	25,5	40,5	24,0	10,0	1,3
Total	46.445.828	100	16,1	37,6	27,6	18,7	2,9

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partir de xullo

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

1.3.6.

Cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente en concellos con menos de mil habitantes. Dos mencionados 30 concellos galegos que no último ano contaban con menos de 1.000 habitantes empadroados, 24 son municipios ourensáns, e acollen o 5,7% da poboación da provincia. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 36,4% da poboación de Lugo e o 37,7% no caso de Ourense está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 16% en Galicia e tan só 12,4% no conxunto do Estado.

• Composición por idades



A evolución demográfica en Galicia descrita anteriormente, caracterizada por unha caída superior á do Estado a partir do ano 2011, xunto a un saldo vexetativo marcadamente negativo, deriva nunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas.

A 1 de xaneiro de 2016 a idade media en Galicia ascende a 46,5 anos, fronte aos 42,7 anos de media no conxunto do Estado, situándose como a terceira comunidade con maior idade media, superada novamente por Asturias (47,3 anos) e Castela e León (46,8 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as Comunidades Autónomas, acadando en Galicia en 48,1 anos de media no caso das mulleres e 44,9 anos no dos homes (43,9 e 41,3 anos en España, respectivamente).



Atendendo á súa distribución provincial, cómpre mencionar que as catro provincias galegas presentan unha idade media superior á do conxunto do Estado, salientando Ourense e Lugo, cunha idade media de 50 anos e 49,4 anos, respectivamente, tan só superadas por Zamora, con 50,1 anos. Atendendo á súa distribución segundo sexos, as mulleres superan os 51,5 anos de media en Ourense e se sitúa lixeiramente por baixo de 51 anos na provincia de Lugo, mentres que no caso dos homes, a idade media sitúase en 48,2 e 47,9 anos, respectivamente.

Poboación residente en Galicia e España 2008-16 ⁽¹⁾: estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partires de xullo
 Fonte: INE, *Cifras de población*


1.3.7.

No que respecta á estrutura poboacional por grandes grupos de idade, no último ano tan só se produce unha medra da poboación entre as persoas maiores de 65 anos, con 5.403 empadroados máis (0,8%), descendendo lixeiramente no caso dos menos de 16 anos (–0,3%) e nun –1,1% no da poboación potencialmente activa. Dende o comezo da crise económica, os datos do padrón amosan que a poboación de 16 a 64 anos redúcese un 7,1% (máis de 130.000 persoas menos), aumentando un 9,7% no caso das persoas maiores de 65 anos (58.448 persoas máis) e en case 7.700 persoas entre os menores de 15 anos (2,2%). Tras esta evolución, o 24,3% da poboación galega ten 65 ou máis anos (18,6% no conxunto do Estado), porcentaxe similar á rexistrada en Asturias e Castela e León (24,4%), mentres que tan só o 12,7% da poboación residente en Ga-

licia é menor de 16 anos (16% en España e 11,7% en Asturias). O peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 4,1%, o que a sitúa tan só por detrás das mencionadas Castela e León e Asturias (4,9% e 4,4%, respectivamente).

Dende o comezo da crise económica en 2008, o descenso da poboación concéntrase basicamente nas persoas cunha idade comprendida entre 16 e 44 anos, con case 153.000 habitantes menos. Xunto á acusada redución do devandito grupo de idade, a poboación máis nova –menores de 15 anos– descende en case 13.000 persoas no devandito período. Os restantes grupos presentan taxas de variación positivas, sendo o incremento máis acusado o experimentado polas persoas maiores

Poboación 1900-2016: distribución segundo provincia e grupos de idade



Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) *Galicia, un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras*

1.3.8.

de 85, cun 34,9% (9,7% se se consideran as persoas maiores de 65 anos). En termos absolutos, o incremento da poboación das persoas con idades comprendidas entre 45 e 64 anos supera as 209.000 persoas, fronte aos 53.000 no caso das persoas maiores de 65 anos (29.000 se son os maiores de 85 anos).

A nivel provincial, os datos recollidos no devandito **cadro 1.3.6.** amosan novamente o elevado envellecemento da poboación nas provincias do interior de Galicia. Dunha banda, máis do 30% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe 20 puntos porcentuais superior ao que representan os menores de 15 anos (10,4%). Na provincia de Lugo, o 28,6% da poboación ten máis de 65 anos, fronte aos 10,5% dos menores de 15. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos

de 15 ou menos anos. Entre as causas desta negativa evolución están, sen dúbida, os procesos de emigración acumulados nestas provincias (**cadro 1.3.8.**).

A análise da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosa a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 24% (21,5% nos concellos de máis de 10.000 habitantes), nos municipios máis pequenos máis do 43% da súa poboación supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 35% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos. Por contra, nestes últimos concellos a poboación menor de 16 anos sitúase no 8,1%, máis de catro puntos porcentuais e medio por baixo da rexistrada no conxunto de Galicia (12,7%), mentres que nos municipios de menos de mil habitantes, a porcentaxe redúcese ata o 5%. Seis de cada dez concellos galegos

Poboación estranxeira residente en Galicia e España 2016 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	90.346	45.751	44.595	2.720.544	1.314.785	1.405.759	3,3
A Coruña	32.107	15.568	16.539	1.124.212	540.575	583.637	2,9
Lugo	12.798	6.647	6.151	336.213	163.322	172.891	3,8
Ourense	12.818	6.499	6.318	314.764	151.801	162.963	4,1
Pontevedra	32.622	17.036	15.586	945.355	459.088	486.267	3,5
España	4.418.157	2.220.182	2.197.975	46.445.828	22.809.420	23.636.408	9,5
(%)							
Galicia / España	2,0	2,1	2,0	5,9	5,8	5,9	
A Coruña / Galicia	35,5	34,0	37,1	41,3	41,1	41,5	
Lugo / Galicia	14,2	14,5	13,8	12,4	12,4	12,3	
Ourense / Galicia	14,2	14,2	14,2	11,6	11,5	11,6	
Pontevedra / Galicia	36,1	37,2	35,0	34,7	34,9	34,6	

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partir de xullo
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.9.

teñen menos dun 10% de poboación menor de 16 anos e só un 22,9% dos concellos galegos superan a media galega.

Esta tendencia de concentración da poboación na franxa atlántica urbana parece acelerarse nos últimos anos. Así, no período 2008-2016, as comarcas do interior perden case 51.000 persoas mentres que as da costa o fan en menos de 15.000. Mentres que no interior os tres grupos de idade considerados rexistran unha caída da poboación, na Galicia occidental-costa a perda poboacional prodúcese no caso da poboación potencialmente activa (83.786 persoas menos), polo que o seu peso relativo descende ata o 64,1% no ano 2016 (59,9% no conxunto das comarcas do interior). A Galicia interior presenta unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 65 o 29,3% da súa poboación (22,4% na costa), en tanto que a poboación nova supón o 10,8% (13,5% na Galicia occidental-costa).

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 15,1%, e Vigo e Lugo, con 14%, son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos. As menores porcentaxes no caso das persoas de 65 e máis anos corresponden novamente a Pontevedra, cun 19,4%, e Santiago de Compostela e Lugo, cun peso relativo inferior ao 21%. Por contra, en Ferrol só o 11,7% da poboación ten menos de 16 anos e case o 27% supera os 65 anos.

• Movements migratorios

No primeiro semestre de 2016 (datos provisionais) a Comunidade Autónoma retoma os saldos migratorios positivos rexistrados entre 1983 e 2011, cando as chegadas dos inmigrantes a Galicia superaban ás saídas.

Segundo os datos definitivos publicados polo INE, a 1 de xaneiro de 2016 en Galicia residían un total de 90.346 estranxeiros, cifra lixeiramente inferior á do ano anterior (156 estranxeiros menos), sendo esta caída media novamente inferior á rexistrada no Estado (-0,2%, fronte aos -0,8% en España). Os datos recollidos no **cadro 1.3.9.** amosan que a poboación estranxeira representa o 3,3% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 9,5% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,1%). Na Comunidade galega están empadroados o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe moi inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é lixeiramente inferior ao 5,9%.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 32.622 persoas, e A Coruña, con 32.107, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os es-

Poboación residente 2016 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e orixe

Lugar de nacemento	Poboación					
	Total		Nacionalidade			
			española		non española	
	2.720.544	100	2.630.198	100	90.346	100
España	2.508.726	92,2	2.503.727	95,2	4.999	5,5
Resto UE	63.440	2,3	29.566	1,1	33.874	37,5
Resto Europa	19.626	0,7	17.332	0,7	2.294	2,5
África	14.599	0,5	3.899	0,1	10.700	11,8
América						-
América do Norte	7.204	0,3	5.292	0,2	1.912	2,1
América Central e Caribe	18.258	0,7	11.899	0,5	6.359	7,0
América do Sur	82.678	3,0	56.870	2,2	25.807	28,6
Asia	5.611	0,2	1.369	0,1	4.242	4,7
Oceanía	403	0,0	245	0,0	158	0,2

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partir de xullo

Fonte: INE, *Cifras de población***1.3.10.**

tranxeiros é Ourense, cun 4,1% da súa poboación total, seguida de Lugo, co 3,8%. As provincias de Pontevedra e A Coruña, co 3,5% e 2,9% respectivamente, sitúanse tamén preto da media de Galicia.

O forte descenso da poboación residente en Galicia entre o 1 de xaneiro de 2015 e 2016 ven explicado novamente tanto pola caída do número de persoas de nacionalidade española (11.147 persoas menos) como, en menor medida, pola redución do número de estranxeiros empadroados en Galicia (-2.675 persoas). Non obstante, en termos de variación porcentual, a poboación estranxeira redúcese un 3% fronte ao 0,4% no caso dos residentes españois. Ente as persoas de nacionalidade española esta caída rexístrase nas catro provincias, sendo máis acusada a que se produce na provincia de A Coruña, con 3.607 persoas menos (-0,3%), seguida de Ourense, con 3.036 menos (-1%). No que atinxe ás persoas de nacionalidade estranxeira, Lugo presenta unha lixeira medra no último ano (0,2%), fronte á caída nas outras tres provincias, onde Pontevedra rexistra o maior descenso tanto en termos absolutos como relativos, con 1.407 estranxeiros menos (-4,4%).

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **cadro 1.3.10.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2016, o 45,6% procede do continente europeo e un 37,7%, do continente americano, dos que máis de tres cuartas partes procederían de América do Sur. O 11,8% e o 4,9% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Com-


parado coa situación no ano anterior, cómpre destacar o descenso do número de estranxeiros procedentes de Sudamérica (432 persoas menos) e da UE (122 estranxeiros menos), a diferenza do que acontece coas persoas procedentes de Norte América (170 persoas máis), do continente asiático (115) ou dos países europeos non pertencentes a UE-28 (102 persoas).

No mesmo período de tempo volve a aumentar en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 126.471 persoas. Atendendo á súa distribución segundo continentes, o 68,8% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, 56.870 residentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 46,6%, 29.566 persoas, no caso da Unión Europea (agás España), e no 88,3% no dos países europeos non comunitarios (17.332 persoas).

No que atinxe aos movementos migratorios, no primeiro semestre de 2016 o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo, situándose en 1.456. Como se aprecia no **cadro 1.3.12.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países son inferiores ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2016 un total de 4.182 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega con destino a outros países, en tanto que 5.638 persoas pro-

Saldo migratorio externo 2008-16 (1)



(1) os datos de 2016 son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, Estadística de migraciones

1.3.11.

Movements migratorios con terceiros países 2015-16 (1): distribución segundo país de nacemento e grupo de idade

	2015			2016		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	10.181	10.140	41	5.638	4.182	1.456
España	2.378	4.469	-2.091	1.181	1.912	-731
0-14	160	603	-443	104	240	-136
15-39	462	2.127	-1.665	208	941	-733
40-64	799	1.130	-331	445	496	-51
>65	957	609	348	424	235	189
>85	73	59	14	27	28	-1
Estranxeiro	7.803	5.672	2.131	4.457	2.270	2.187
0-14	1.463	381	1.081	739	140	599
15-39	4.306	3.162	1.144	2.441	1.200	1.241
40-64	1.722	1.936	-214	1.078	852	226
>65	313	192	120	200	79	120
>85	34	10	24	27	3	24

(1) os datos de 2016 son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, Estadística de migraciones

1.3.12.

cedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado, reafírmase o saldo migratorio positivo rexistrado no conxunto do ano 2015 (41 persoas), acadándose nos primeiros seis meses do ano 2016 un saldo de 1.456.

Segundo os datos de migracións exteriores do INE, o fluxo de entrada en Galicia no primeiro semestre de 2016 descomponse en 1.181 persoas nadas en España e 4.457 no estranxeiro. Doutra banda, das 4.182 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a ter-

ceiros países no primeiro semestre, 1.912 naceran en España. Deste xeito, o saldo migratorio no caso das persoas nadas en España é negativo (-731) a diferenza do que acontece no caso das persoas nadas en terceiros países (2.187), fundamentalmente polo saldo positivo das persoas procedentes de Sur América (1.522).

No que atinxe aos movementos entre Comunidades Autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia é negativo. Os datos provisionais corresponden-

Indicadores demográficos das CC.AA. 2016 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.405.303	7.832	-4.452	2.521	8.411.204
Aragón	1.318.738	588	-326	-1.535	1.317.465
Asturias	1.041.026	667	-581	-3.511	1.037.601
Baleares	1.135.633	4.292	3.542	929	1.144.396
Canarias	2.135.722	8.600	225	100	2.144.647
Cantabria	582.548	170	-51	-898	581.769
Castela e León	2.454.858	139	-3.618	-5.713	2.445.666
Castela-A Mancha	2.049.147	100	-3.294	-1.100	2.044.853
Cataluña	7.408.853	1.687	635	1.019	7.412.194
C. Valenciana	4.933.051	2.353	561	-1.933	4.934.032
Extremadura	1.085.115	-453	-1.754	-846	1.082.062
Galicia	2.720.544	1.456	-921	-6.994	2.714.085
Madrid	6.424.843	387	8.882	8.243	6.442.355
Murcia	1.466.507	1.192	336	1.561	1.469.596
Navarra	637.540	104	408	-24	638.028
País Vasco	2.164.144	1.566	1.135	-615	2.166.230
A Rioxa	312.815	10	-55	-129	312.641
Ceuta	84.663	88	-234	269	84.786
Melilla	84.777	-274	-438	426	84.491
Total	46.445.827	30.504	-	-8.230	46.468.101

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.13.

tes ao primeiro semestre de 2016 indican que este é de -921 cando no mesmo período do ano anterior foi de -1.101 persoas. O rango de idades cun saldo migratorio interautonómico máis negativo é o comprendido entre 25 e 34 anos (642 persoas menos no primeiro semestre), por diante das persoas de 35 a 44 anos (261 menos) e de 15 a 24 anos (-196 persoas).

Como reflicte o **cadro 1.3.13.**, xunto ao saldo migratorio positivo cómpre mencionar que Galicia presenta novamente o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA. Este elevado saldo negativo perpetúa o inverno demográfico galego, agravado, entre outros factores, polos mencionados efectos demográficos da crise económica.

Movemento natural da poboación

A devandita evolución demográfica e a estrutura da poboación condicionan a existencia dun crecemento natural cada vez máis negativo, agravado pola emigración de mozos en idade de ter fillos.

O crecemento vexetativo mantívose sempre en valores


negativos, acadando en 2015 o nivel máis elevado dende o ano 2000. Os datos recollidos no **cadro 1.3.14.** indican que no ano 2015 (último dato dispoñible) rexistráronse en Galicia 12.261 defuncións máis que nacementos, o que sitúa á Comunidade galega como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa de crecemento vexetativo negativa máis elevada, por detrás de Asturias e Castela e León. Os datos definitivos do ano 2015 reflicten un forte incremento do saldo negativo superior ao do ano anterior (-10.299 no ano anterior), resultado dun descenso do 1,4% no número de nacementos e un incremento do 4,9% no caso das defuncións.

A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,1 nacementos por cada 1.000 habitantes. O marcado proceso de recesión demográfica acentúase co mantemento dunha elevada taxa bruta de mortalidade, que no último ano se sitúa en 11,6 falecidos por cada 1.000 habitantes.


Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos,

Movement natural da poboación 2008-15

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Fonte: INE e IGE

1.3.14.

a taxa de nacementos ten unha evolución positiva no período 2003-2008, acadando neste último ano o seu nivel máis elevado, con 8,4 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir do ano 2008 ata o 2015 a taxa de nacementos baixa 1,3 puntos, situándose neste último ano no nivel máis baixo dende o 2000. A taxa de mortalidade en Galicia aumenta no último ano para situarse en 11,6 falecementos por cada mil habitantes, a rateo máis alta da serie 1976-2015.

O número de persoas nadas de nai española no ano 2015 descende un 0,4% en relación ao ano anterior e un 14,8% dende o ano 2008, pasando de 21.381 a 18.220 nacementos no ano 2015. Este descenso é moito máis acusado no caso dos nacementos de nai es-

tranxeira, reducíndose un 9,5% respecto ao ano anterior e un 32,7% dende o ano 2008, pasando de 1.794 no ano 2008 a 1.207 no último ano. □

